



## O cura de Dorneda sigue en guerra contra o novo cemiterio

Unha nova alegación do sacerdote pretende impedir ó concello realizar un cemiterio, no que ninguén poida especular cos nichos, que pasarán a ter un prezo público considerablemente máis bixo que o que agora cobra a parroquia. — **Páxina 8**

Nº6  
Novembro  
1999

# Vivir en Oleiros



## Bastiagueiro un paseo



A praia de Bastiagueiro tivo mala sorte ó longo deste século. Veuse cercada pola propiedade privada ata límites insospeitados. Hoxe, reconstruímos no posible un entorno público á altura da calidade urbana de Oleiros. A ordenación da franxa costeira que xa se pode disfrutar inclúe intervencións na Avda. de Che Guevara e a recuperación da canle do río que nace nos Regos, vai por Romardeiro e acaba no areal. Tamén queda conectada co futuro Parque Metropolitano, un gran pulmón entre Montrove, Perillo e Santa Cruz...



## Xa están á venda as vivendas de prezo protexido

Situadas en Caavamontes, O Graxal e Icaria II, as 63 novas vivendas son moito máis baratas que os prezos de mercado. Forman parte dun plan do Concello para que as novas familias de Oleiros non teñan que ir vivir fóra. Os censados en Oleiros teñen prioridade: tres meses para solicitalas. Despois serán vendidas a calquera cidadán. — **Páxina 9**



## Nace a Escola de Música e Danza

O Concello creou unha escola diferente, moi dinámica e integradora dos diversos instrumentos e concebida para interrelacionar actividades. O Centro Cultural A Fábrica acolle esta interesante experiencia á que poden apuntarse veciños de calquera idade. — **Páxina 18**

## Nova corporación, novo goberno municipal

— **Páxinas 4 e 5**

## As obras de Oleiros de aquí a fin de ano

— **Páxinas 14, 21 e 22**

## Programación cultural, deportiva e obradoiros

— **Páxinas 19, 21 e 16**

## Créase unha empresa mixta para mellora-los servizos

— **Páxina 11**

Como saber  
donde está todo  
en Oleiros

AXENDA  
Páxina 2



**Servicios públicos**

Concello de Oleiros	981 61 0000
Policia Local (24 horas)	981 61 0001
Guardia Civil de Oleiros	981 61 0067
Guardia Civil urxencias	062
Xulgado	981 61 0824
Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 61 4901
Centro Saúde Perillo (cita previa)	981 63 8731
Centro Saúde S. Cruz (cita previa)	981 62 6768
Empresa de augas	981 61 0602
Mercado municipal	981 63 8158
Recadación municipal	981 63 5603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610000
C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 63 1706
C. Recuperación fauna salvaxe	981 62 6241
Casa da Xuventude	981 63 6598
C. cultural As Torres de Sta. Cruz	981 63 0618
Casa da Cultura de Mera	981 61 7662
Casa da Cultura de Iñás	981 63 1240
Casa da Cultura de Dexo-Lorbé	981 61 8201
Casa da Cultura de Montrove	981 63 5160
Casa da Cultura de Perillo	981 63 6555
Casa da Cultura de Dorneda	981 61 4582
Casa Charry	981 63 1444

**TAXI: Tlf. 981 65 1111**

**Autobuses de liña**

**AUTOSCAL PITA**  
 Bus a **Nós**. De 6,30 a 21h, cada 15min., e de 21,30 a 22,30 cada 30min. / Sáb. de 7,30 a 22,30 cada 30min. / Dom. e fest. de 8,30 a 22,30 cada 30min.  
*Regresa De 7 a 21 cada 15m. e de 21,30 a 22,30 cada 30 min. / Sáb. de 8 a 22,30 cada 30 min. / Dom. e fest. de 9 a 22,30 cada 30 min.*  
 Bus a **Sta Cruz-Sada**. De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 8,25 a 20,25 cada h., e ás 22h.  
*Regresa De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb. de 7,25 a 21,25 cada h., e ás 22 / Dom. e fest. de 8,25 a 21,25*  
 Bus a **Sta. Cruz-Arillo-Rialta**. De 6,40 a 21,40 cada h. / Sáb. de 9,40 a 12,40 e 16,40 a 19,40 cada h.  
*Regresa De 7,10 a 22,10 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 10,10 a 13,10 e 17,10 a 20,10 cada h.*  
 Bus a **O Carballo-Oleiros-Sada**. De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 6,55 a 20,55 cada 2hs / Dom. e tes. de 8,55 a 20,55 cada 2hs.  
*Regresa De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 7,55 a 21,55 cada 2 hs / Dom. e fest. de 9,55 a 21,55 cada 2 hs.*  
 Bus a **Montrove-OsRegos-Oleiros**. De 6,05 a 21,05 cada h. / Sáb. de 8,05 a 20,05 cada h. / Dom. e fest. de 10,05 a 20,05 cada h.  
*Regresa 6,35 a 21,35 cada h. / Sáb. de 8,35 a 20,35 cada h. / Dom. e fest. de 10,35 a 20,35 cada h.*  
 Bus a **Dorneda-Pousada**. 7,10-8,20-14,10-19,05 / Sáb. ás 7-10-21,10 / Dom. e fest. ás 9-13  
*Regresa ás 7,40-8,50-15-19,50 / Sáb. ás 7,35-10,35-21-45 / Dom. e fest. 9,35-13,35*  
 Bus a **Perillo-Montrove-Oleiros-Soñeiro**. As 7,05 / Sáb. ás 8,05 e 14,05 / Dom. e fest. ás 10,05 e 14,05  
*Regresa As 7,30 / Sáb. ás 8,30 e 14,30 / Dom. e fest. ás 10,30 e 14,30*  
 Bus a **Perillo-Sta.Cruz-Franzomel-Dorneda-Pousada-Oleiros-Soñeiro** De luns a venres ás 14,10 e ás 19,05  
*Regresa De luns a venres ás 14,55 e 19,45*  
 Especial verán **Sta.Cristina** Tódolos días de 10,20 a 20,20 cada h • *Regresa de 10,50 a 20,50*  
 Especial verán **Sta.Cruz** Tódolos días de 10,05 a 21,05 cada h. • *Regresa de 10,35 a 21,35*  
**AUTOS ELISEO PITA**  
 Liña A Coruña-Sta.Cruz-Mera-Lorbé-Sada Horarios: 7,30(non sáb.)-8,30-9,45(non sáb.)-10,45-11,45-13,45-17,15-20,15-22,30  
*Regresa 6,30(non sáb.)-7,30-8,45(non sáb.)-9,45-10,45-12,45-16,15-21,15-21,30*  
**IDEAL AUTO**  
 Esta empresa fai a rota da N-VI, con máis de 40 paradas na liña A Coruña-Betanzos, con saídas de A Coruña cada media hora. Outros moitos autobuses desta compañía tamén paran en Perillo, Nós e O Carballo.

**¿Cántos somos?**



PARROQUIAS	Veciños
Dexo	1.328
Dorneda	3.193
Iñás	1.013
Liáns	6.568
Maianca+Serantes	2.185
Nós	3.681
Perillo	6.105
Oleiros	2.401
<b>En total</b>	<b>26.474</b>

**A Terra**

**A LÚA DESDE AQUÍ**

Nova	23 nov. / 22 dec.
Medra	29 nov. / 29 dec.
Chea	8 nov. / 7 dec.
Minqua	16 nov. / 16 dec.

**AS MAREAS (Horas de domingos)**

Novembro	Pleamares	Baixamares
Día 7	02,30h / 14,49h	08,33h / 20,52h
Día 14	06,10h / 18,34h	12,27h /
Día 21	01,30h / 13,43h	07,31h / 19,51h
Día 28	06,16h / 18,54h	12,36h /
Decembro	Pleamares	Baixamares
Día 5	01,26h / 13,45h	07,33h / 19,50h
Día 12	05,17h / 17,36h	11,26h / 23,38h
Día 19	00,11h / 12,26h	06,14h / 18,39h
Día 26	05,19h / 17,47h	11,34h / 23,39h

**Farmacias de guardia**

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

**TURNO 1** Están de Guardia a semana do 5 ó 12 de novembro. A este turno pertencen: **Oleiros** [Camilo Díaz Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1 (entre O Seixal e a entrada á Autopista)]

**TURNO 2** Están de Guardia a semana do 3 ó 10 de decembro. A este turno pertencen: **Mera-Serantes-Lorbé** • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cecebre**

**TURNO 3** Están de Guardia as semanas do 5 ó 12 de novembro e do 10 ó 17 de decembro. A este turno pertencen: **Perillo** [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

**TURNO 4** Están de Guardia as semanas do 13 ó 19 de novembro e do 17 ó 24 de decembro. A este turno pertencen: **Nós** • **Rutis** [Av. Vilaboa]

**TURNO 5** Están de Guardia as semanas do 19 ó 26 de novembro e do 24 ó 31 de decembro. A este turno pertencen: **Santa Cruz** [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

**Serv. permanente:** **Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo**

**Rexistro Civil**

**NACERON**  
**Melca** filla de José Angel Abelleira e Gumersinda Martínez. **Oscar** fillo de Óscar Gonzalo Alvarez e Emma María Balboa. **Valle** filla de José Manuel Blanco e M. Vallehermoso García. **Sofía** filla de José Enrique Cruz e Laura Elvira Blanco. **Javier** fillo de Ángel Luis Fernández e Irene Graña. **Miguel Jesús** fillo de Luis Miguel Fidalgo e Mercedes Lucía Rodríguez. **Enrique** fillo de Ramiro Tomás Fuentes e M. del Mar Rodríguez. **Eloi** fillo de Jorge Antonio Maceira e M. Teresa Illanes. **Pablo** fillo de José Ramón Manzanares e Carmen Castelleiro. **Raquel** filla de José Luis Monge e M. Soledad Fuentes. **Javier** fillo de Juan Ignacio Muñoz e Elena Méndez. **Ángela** filla de Martín Pérez e Berta Castro. **Christian** fillo de José Manuel Quejio e Sonia Rodríguez. **Alba** filla de Marcial Rio e M. del Pilar Martínez. **Francisco Javier** fillo de Antonio Sanda e Asunción Teresa Rosende. **María** filla de José Antonio Sedes e María Belén Yáñez. **Andrea** filla de Carlos Ignacio Serra e Ana María Torreiro. **Pablo** fillo de Luis Javier Tenreiro e M. Yolanda Brandariz. **Jorge** fillo de Juan Carlos Varela e M. Mercedes Díaz.

**FINARON**  
 Pan Vila, Marco Antonio; Ríos Pazos, Manuel; Santos Alvarinho Benilde, Cruz Germade Manuela, Salazar Díaz Dolores; Regueiro Ponte, José; Pita Conchado, Manuela; González Santamaría, Enrique; Gayoso Durán, José Antonio; López Gómez Josefa; Rodríguez Bretas, Orosia Beatriz; Roel Vázquez, José Antonio; Díaz Piñeiro, M. Regina; Álvarez Trigo, María; Prieto Ocampo, Pilar; Castro Seoane, Manuel; Gende Fernández, Bruno; Uzal Rodríguez, María; Louzán Pardo, Enrique; Rodríguez Pino, M. Argentina; Vilariño Bra, Manuel; Santos Teijido, Julia; Mosquera González, Manuel; Costas González, Bienvenida; Casal Rabuñal, Enrique; López González, Manuel; Díaz García, Elvira

**Casa Charry. Sala de Exposicións**

**Mes de Novembro.** Colectiva de pintura, membros do Taller de M<sup>a</sup> Pilar Anta. **Desde o 14 de Decembro.** Certame Foto Press, de «La Caixa»

**Museo dos Oleiros José María Kaydeda**  
 A máis importante colección de cerámica popular española, ubicada no Centro Cultural «As Torres» de Santa Cruz. Tlf. 626692.

**Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais**  
**Perillo.** (Bibl. Central). Av. Rosalía Castro e Av. das Mariñas. Tlf. 981639511 **Horarios:** Mañás de luns a sábados de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 15h.  
**Santa Cruz.** (Biblioteca e Centro de Documentación da Muller «Rosalía de Castro») C.Cultural As Torres. Rúa Pardo Bazán. Tlf. 626338 **Horarios:** Mañás de martes a venres de 10 a 13,30h. / 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> sábados de mes: de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns (15 de xuño a 15 de setembro) de luns a venres de 8 a 15h.  
**Oleiros.** R. Camilo Díaz Valiño, s/n. / Tlf. 981 61 0700 **Horarios:** Mañás martes e xoves de 10 a 12,30h. / 2<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> sábados de mes de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 16 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 14h.  
**Mera.** Urb. Pía de Maianca. R. Curros Enríquez, 44. / Tlf. 981 61 7662 **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)  
**Iñás.** Casa do Pobo. / Tlf. 981 63 1240 **Horarios:** Luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)  
**Dorneda.** Casa do Pobo. **Horarios:** Luns a venres de 16 a 20h (Veráns incl.)  
**Nós.** Casa do Pobo / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incluído)  
**Dexo-Lorbé.** Casa do Pobo / **Horarios:** Luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incl.)  
**Montrove.** Centro Cultural / **Horarios:** Luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incl.)

**Convocatorias culturais e deportivas en páxinas 16, 19 e 21.**

**Servicios Domésticos**

**— Veterinarios**  
 Santa Cruz 626310  
 Gayacan 660335 /Vilanova  
 Salud Animal 631651 /Dos Regos

**— Mag. de construción**  
 J.Barreiro 635474 /Oleiros

**— Reparación coches e bicis**  
 J. Galán 610710 /Oleiros

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalalo.

**—Fontanerías**  
 A.Taibo 614529 /Sta.Cruz  
 A.Guillín 631567 /Oleiros  
 J.Arca 617591 /Maianca  
 J.A.Barros 626689 /Dorneda  
 J.Costa 635735 /Sta.Cristina  
 A.Dominguez661108 /Nós  
 S.Fernández 638214 /Perillo  
 Fonelec 662744-908587710 /Nós  
 C.Suarez 638400 /Perillo  
 J.García 610339 /Oleiros  
 S.García 611039 /O Carballo

F.J.Gruero 636092 /Sta.Cruz  
 M.C.López 637010 /Sta.Cruz  
 A.Martínez 611317 /Oleiros  
 R.Mesias 667205 /Nós  
 J.Novo 908084450 /Oleiros  
 J.Pardo 631127 /Dorneda  
 R.Pol 635325 /Perillo

**—Instalacións eléctricas**  
 Enrique Orro 639835152 / Mera  
 R.Pol 635325 /Perillo  
 J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda

A.Vian 637254-908584691 /Perillo

**—Albanelería**  
 J.M.Alvarez 617788 /Serantes  
 A.Arevalo 617243 /Dexo  
 J.Bao 635617 /Perillo  
 A.Barreiro 617887 /Maianca  
 F.Beltran 628373 /Lorbe  
 J.M.Bias 635811 /Perillo  
 J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz  
 J.Cal 662449 /Oleiros  
 M.C.Carballo 631578 /Nós

Gomaño 666387 /Oleiros  
 O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz  
 J.M.Fernández 614990 /Arillo  
 F.Fernández 636078 /Perillo  
 E.Fernández 636572 /Perillo  
 J.Fernández 614919 /Dorneda  
 J.Fernández 617720 /Dorneda  
 L.Gacio 636587 /Perillo  
 A.García 618190 /Serantes  
 V.García 661448 /Nós  
 M.Illanes 614356 /Dorneda  
 D.Lamas 631356 /Oleiros

A.Lastres 908586296 /Dorneda  
 A.López 617411 /Mera  
 J.D.López 626082 /Santa Cruz  
 F.Mañana 615298 /Arillo  
 J.L.Martínez 636034 /Perillo  
 A.Mato 667682 /Nós  
 J.Mirón 618119 /Mera  
 V.Naya 617096 /Mera  
 M.Novo 610830 /O Carballo  
 A.Otero 631344 /Oleiros  
 J.Pampin 635920 /Perillo  
 J.L.Prego 626147 /Dorneda

J.A.Prieto 610181 /Oleiros  
 F.Recarey 617503 /Oleiros  
 J.M.Rodríguez 610746 /O Carballo  
 J.R.Sánchez 664599 /Nós  
 F.Sánchez 610779 /Iñás  
 L.Siso 617461 /Mera  
 M.Siso 617467 /Mera  
 R.Suarez 615239 /Dorneda  
 A.Sueiro 614849 /Dorneda  
 A.Uzal 908581521 /Rialta  
 M.Vallo 610812 /Oleiros  
 F.Vazquez 614927 /Santa Cruz

M.Vidal 631015 /O Valiño  
 M.Vieito 610060 /Oleiros

**— ATS-Fisioterapeutas**  
 M.Miranda 638633 /Perillo  
 J.L.Sánchez 638234 /Perillo

**— Notarios**  
 R.Benzo 611506 /Oleiros

## opinión



### Sentir é querer *Ángel García Seoane / Presidente da Alternativa dos Veciños*

As recentes eleccións municipais, cargadas de lóstregos e oscuros nubarróns que ameazaban forte temporal e danos á natureza de Oleiros, quedáronse en nubes pasaxeiras con pequenos aguaceiros, deixando as cousas no seu sitio.

Así pois, xa co tempo en calma, e tendo asumido unha vez máis o reto de gobernar en minoría, debemos seguir a traballar para garantir o futuro dun Concello para Vivir a aqueles veciños que por falta de información ou descoñecemento dos

asuntos municipais, e, por tanto, de todo aquilo que afecta ó desenvolvemento da vida dos pobos, non viven Oleiros. Os homes e mulleres da Alternativa dos Veciños temos ante nós o compromiso de facerlles Sentir Oleiros. Debemos invitar ós novos e vellos veciños para que participen na vida social e cultural do Concello, temos que fomentar unha maior convivencia entre as distintas comunidades, demandándolles o cumprimento e o respecto ás normas establecidas para disfrutar dunha boa presta-

ción dos servizos públicos.

Só un pobo ben informado e consciente dos valores dos que dispón, é capaz de protexer e de evitar que os posibles temporales ou borrascas ocasionen danos irreparables ás súas cumpridas colleitas e ó seu patrimonio e entorno natural.

Oleiros necesita de tódalas persoas de ben que queiran melloralo e engrandecelo. Para elo só é necesario Sentilo. Ven con nós e axúdanos a seguir construíndo un sitio distinto. ¡Viveo con nós!



### Necesidad de diálogo *Jesús M<sup>a</sup> Fernández Rosende / Presidente del PP de Oleiros*

Iniciamos una nueva Legislatura, 4 años nos quedan por delante para seguir mejorando la calidad de vida de todos nuestros vecinos con nuevas acciones, nuevos proyectos e ideas. Pero el pueblo de Oleiros no ha resuelto plenamente quién debe patronear esta responsabilidad, este deber de dar respuesta a los problemas de todos, al no haber puesto el Gobierno Municipal en manos de una sola fuerza política.

Al igual que hace 4 años ha distribuido los concejales entre la Alternativa dos Veciños, el PP, el PSOE y el BNG, premiando con mas votos a los dos primeros, castigando al PSOE, pues es la única fuerza que pierde votos en relación a las elecciones del 95 y dándole paso, por primera vez, al BNG.

¿Que significa esto? Indudablemente que hay que dialogar, que hay que buscar puntos de encuentro, conversar y consensuar. Este era uno de nuestros mensajes en la Campaña Electoral.

Hablamos entonces de la necesidad de diálogo, no sólo entre las fuerzas políticas oleirenses; no sólo con los administrados sino también con las instituciones públicas y privadas. Ahí siempre hemos estado y vamos a seguir estando porque, además, esto nos exige el resultado de las elecciones del 13 de Junio y, por lo tanto, nos lo exige el pueblo de Oleiros.

Pero siendo esta nuestra voluntad no resulta la tarea nada fácil, pues hay que salvar prejuicios y heridas que todavía no están cicatrizados.

En todo caso son lamentables las lecturas oportunistas que de los acontecimientos recientes de la vida política municipal hacen algunos, quizá los menos legitimados o autorizados para hacerlo. Así se ha hablado de la existencia de un pacto entre la Alternativa dos Veciños y el PP lo cual es radical y absolutamente falso. Otros quisieran haber alcanzado dicho pacto imponiendo condiciones leoninas en beneficio de su propio partido y de las personas que lo representan. Por el contrario el PP no ha variado un ápice su postura en estos últimos plenos con respecto a la mantenida en los mismos del principio de la Legislatura pasada y, como entonces, ha permitido arrancar a un nuevo Gobierno Municipal constituido por personas de la lista más votada. Esto es democracia.

A sensu contrario tenemos el ejemplo del BNG y el PSOE en un buen número de Gobiernos Municipales surgidos tras el 13 de Junio que, en base a intereses bastardos de naturaleza única y exclusivamente partidista, han impedido los gobiernos de las listas mas votadas, es decir, gobiernos del PP.

PSOE y BNG de Oleiros podrán decir lo que quieran, lo que más interese a sus respectivas for-

maciones, lo que más les beneficie en términos de estrategia política pero los ciudadanos tienen que ser conscientes de que estas formaciones, con tres y un concejales respectivamente, representan una minoría exigua frente a las dos fuerzas mayoritarias Alternativa dos Veciños y PP, con 9 y 8 concejales respectivamente en base a más de diez mil votos y, por lo tanto, reconociéndoles su derecho al pataleo, lo cierto es que nada hasta el momento ha hecho el PP para limitar sus derechos en el ayuntamiento, otorgándoles una representación y unos medios que en aquellos ayuntamientos donde gobiernan estas fuerzas no se les reconocen a la oposición.

En definitiva, no existe pacto alguno con la Alternativa dos Veciños, lo cual no quiere decir que si la Alternativa quiere nuestra colaboración en sacar adelante los distintos asuntos de interés general para nuestro municipio que se llevan a cada Pleno no le vayamos a dar la oportunidad de hablar, de dialogar, de llegar a acuerdos puntuales en cada uno de esos asuntos, pues otra cosa sería paralizar el normal funcionamiento de la corporación perjudicando a todos nuestros vecinos cuyos intereses, ilusiones y proyectos para el PP de Oleiros están por encima de cualquier otra consideración partidista.



### Comprometidos con el bienestar *Luis Vázquez / Portavoz do PSdeG-PSOE*

Los socialistas queremos colaborar en la construcción de un Oleiros en el que se conserva y cuida el medio ambiente, de un Oleiros que crece ordenadamente al tiempo que moderniza los servicios y da respuesta a los nuevos retos, algunos de los cuales, que citamos a continuación, llevan años de retraso y es urgente acometerlos ya:

-Oleiros necesita urgentemente un Polígono Industrial en el entorno de la N-VI. No hay oferta de suelo y las empresas se van a Culleredo, Cambre, Carral, Bergondo, Sada y Arteixo. Esta carencia incide negativamente en la creación de empleo.

-La construcción de una Vía Rápida Lorbé-Mera-Dorneda-Oleiros-Iñás-Autopista-Autovía es una de nuestras prioridades, para que el tráfico deje de atravesar nuestros pue-

blos y para viajar rápido y con seguridad.

-Oleiros clama por un transporte público de calidad, que cubra las rutas y los horarios que reclaman nuestros vecinos.

-El Conservatorio de Música y las dos Piscinas Climatizadas son demandas que deben estar cubiertas en los próximos días.

-La seguridad vial, dotando de aceras las carreteras es otra tarea que no puede esperarse dada la altísima densidad de tráfico.

-Promover la construcción de Viviendas de Protección Oficial, en Nós, Oleiros, Santa Cruz, Mera, Perillo, Montrove, ... para que nadie tenga que emigrar de su entorno social.

-Hay que redoblar esfuerzos por la educación, la cultura, el deporte y los Servicios Sociales.

Estas son algunas de nuestras ilusiones

para Oleiros. Vamos a seguir trabajando para hacerlas realidad, desde la oposición o desde el gobierno, para que todos se encuentren a gusto en nuestro municipio. Los socialistas creemos que para defender los intereses de los ciudadanos de Oleiros hubiese sido mejor un Gobierno Municipal de Progreso del que formase parte el PSdeG-PSOE. El actual gobierno en minoría de Alternativa dos Veciños, formando pareja de hecho con el Partido Popular, es responsabilidad de los citados partidos.

Los socialistas seguimos trabajando por Oleiros, por abrir Oleiros a todos, a todos sin exclusión. En el Ayuntamiento o en la sede socialista de Oleiros, Plaza de A Rabadeira, 9 (Tlf. 611837) esperamos su visita.  
psoe.oleiros@cyberweb.es



### Para mellorar as cousas *Antón Tenreiro / Concelleiro do BNG*

A chegada do Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.) á nova Corporación está a condicionar en grande medida a vida municipal de Oleiros. O B.N.G. cun só concelleiro e apesares do pouco tempo transcurrido leva presentadas moitas máis iniciativas que o Partido Popular con oito representantes.

Votamos favorebelmente multitudes de aspeitos da xestión municipal do actual goberno demostrando así a nosa responsabilidade e a práctica dunha oposición constructiva en beneficio de todo o povo

de Oleiros.

Ao mesmo tempo demandamos do Concello aqueles aspectos máis esquecidos como unha política de vivenda que faga asequebel o aceso a éstas das clases mais desfavorecidas e a esixencia dos mínimos dereitos democráticos.

O B.N.G. non vai a permanecer impassible contemplando como o goberno dota en cada Pleno ao Partido Popular de máis medios humanos e materiais mentres pisotea os dereitos dos grupos da oposición.

Non é de recibo que se secuestre o dereito ás liberdades de expresión e información da Radio Pública Municipal impediendo a retransmisión en directo dos Plenos e facendo a radio de todos «o micrófono» dunha forza política.

Traballaremos en suma sendo consecuentes co noso programa apesares da práctica represiva do Goberno Municipal contra a nosa forza política. Traballaremos polo tanto «para mellorar as cousas en Oleiros».

## Un novo tempo

Iniciamos unha nova xeira política que debe significar para todos un motivo de satisfacción. A maior parte da poboación quixo, con pequenos matices, que o noso concello continuase como até agora.

¿Unha renovación municipal para seguir igual que antes?. A cousa non é tan sinxela. As eleccións permiten unha lectura política algo máis profunda: a campaña da Alternativa dos Veciños, pese a ser o centro da crítica ás veces nauseabunda doutras candidaturas, estivo centrada unicamente nos intereses dos veciños de Oleiros, e moi lonxana da retórica política habitual entre as tres forzas partidistas maioritarias neste país.

Este dato debiera dar moito que pensar ós representantes do pobo: Oleiros é un concello singular que quere seguir sendo un exemplo para moitas cousas. E á nosa singularidade non é allea a existencia dun grupo independente, de base e de estruturas profundamente democráticas, baseadas na participación directa dos cidadáns, como é a Alternativa.

Gustaríanos, que, antes de que eso fose un motivo de liorta estéril, a nosa singularidade se traduxese tamén nun esforzo por facer outro tipo de política, e incluso outro tipo de oposición.

De maneira unánime, Oleirosponse como exemplo dos estupendos resultados de xestión, traducidos a unha fisonomía atractiva, a un xeito especial de facer as cousas. Gustaríanos ser tamén un exemplo de consenso e harmonía de cara a seguir configurando este Oleiros de calidade.

Ogallá os prexuízos políticos o fagan posible. Ganaríamos todos.



**Concelleiros «progres» apuntalando o goberno municipal**

A Alternativa dos Veciños volve a gobernar en Oleiros despois das últimas eleccións municipais. Tras aumentar o número de votos, os independentes asumiron en solitario a responsabilidade de goberno, xa que non fructificou unha renovación do pacto acadado co PSOE a mediados da lexislatura anterior.

# Unha nova corporación



Esther Pita e Ángel García Seoane, diante do polémico cartel da Alternativa

## AS ELECCIÓNS EN CIFRAS

	1995			1999		
<b>Censo electoral</b>	18.130			<b>20.481</b>		
<b>Votaron</b>	11.633	<b>64 %</b>		<b>13.643</b>	<b>66,6 %</b>	
	<i>Votos</i>	<i>%</i>	<i>conc.</i>	<i>Votos</i>	<i>%</i>	<i>conc.</i>
<b>Alt. Veciños</b>	4.913	42,2	9	<b>5.583</b>	<b>40,9</b>	<b>9</b>
<b>Partido Popular</b>	4.439	38,1	9	<b>4.951</b>	<b>36,2</b>	<b>8</b>
<b>PSdG-PSOE</b>	1.961	16,8	3	<b>1.843</b>	<b>13,5</b>	<b>3</b>
<b>BNG</b>	---	---	---	<b>812</b>	<b>5,9</b>	<b>1</b>
<b>Outros</b>				<b>146</b>		<b>0</b>
<b>En branco</b>				<b>224</b>		
<b>Nulos</b>				<b>84</b>		

Aínda que moitos facían pronósticos sobre o cambio de maiorías na corporación municipal de Oleiros, a vontade dos cidadáns quixo que se consolidara basicamente a relación política existente antes da cita coas urnas.

Alternativa dos Veciños incrementou o número de votos, PP sube lixeiramente (pero baixa en índice porcentual) e PSOE baixa un bocadiño. BNG chega por primeira vez de forma autónoma á corporación cun único concelleiro. Traducido a escanos, o PP perde o que gana o Bloque, e Alternativa e PSOE volven lograr nove e tres, respectivamente. Ningún grupo, por tanto, dispón da maioría absoluta, pero volve a ser Alternativa a opción votada

Os membros do PP non lles cabía ningunha dúbida de que gobernarían Oleiros. A euforia mascábase, sobre todo, nas visitas que relevantes persoeiros do partido fixeron ó noso municipio. Ministros, concelleiros e outros cargos públicos arrouparon cálidamente e en varias ocasións ós candidatos locais encabezados por Jesús María Fernández Rosende, o aspirante á alcaldía, que nos últimos días fixo gala dun ton moi institucional, coma se xa fose alcalde. Esa impresión triunfadora fixo que moitos seguidores da campaña, especialmente os xornalistas, desen por descontado que o PP gañaría por goleada as eleccións en Oleiros, algo que tamén dicía unha enquisa publicada por El

por maior número de cidadáns.

A campaña electoral foi intensa e presentaba varias novidades: a desbordante euforia popular, a agresividade socialista e nacionalista contra a Alternativa, e o famoso cartel desta última formación, protagonizado polo seu presidente, Ángel García Seoane, que non encabezaba a lista.

Ideal Gallego.

Os socialistas tamén saían beneficiados desa enquisa, na que alcanzaban 6 asentos. Partiran optimistas, pois contaban mellora-los resultados anteriores. Repartiron pelotañas "antiestrés" para eliminar agresividade do concello, pero acusaban ós seus socios de goberno de misoxinia por non utiliza-la foto da alcaldesa no cartel, o que aumentaba o ton agresivo da campaña, especialmente significativo entre postulantes que compartían a acción de goberno.

Poucos agardaban tamén o discurso do Bloque contra a Alternativa, xa que destacados membros da formación nacionalista formaban parte do goberno municipal, no que desempeñaban importantes funcións como a de política medioambiental ou a xestión da Fundación Municipal de Cultura. Era a primeira vez que aquí se presentaban ás municipais, co argumento de que o BNG tiña que concorrir ás eleccións en toda Galicia, e Oleiros non ía ser a excepción, se ben houbo numerosos concellos donde non presentaron listas.

En canto á Alternativa fixo unha campaña sen mítines, substituídos polo reparto personal de programas. O máis salientable da súa campaña foi a decisión da súa comisión executiva de incluír

a foto do seu presidente, Gelo, nun dos carteis, solicitando o voto para os candidatos independentes. Sobre esa foto xirou boa parte da campaña, algo que chamou moito a atención e serviu para falar de Oleiros en varios xornais e informativos de televisión españois, como Telecinco, que dedicou ó noso concello varios minutos do seu informativo.

En canto ós programas, Alternativa presentaba unha exhaustiva relación de obras e accións moi na liña do que ven sendo a súa xestión no consistorio. Os socialistas elaboraron un programa no que resaltaban os aspectos «políticos» sobre os de xestión, e o Bloque saeu a esca con propostas xenéricas sobre o que sería a súa actuación no Concello. Uns máis concretos que outros, pero todos eles nunha liña continuista coa política que viña realizando o goberno municipal nos últimos anos.

Unha curiosidade: todos os que incluían fotografías dos candidatos, éstas estaban realizadas diante das principais obras realizadas por anteriores gobernos municipais. Pola súa parte, o Partido Popular propuña varios «proxectos estrela», entre os que destacaba cubrir parte do Parque Luis Seoane de Santa Cruz, unha proposta que sorprendeu a todos.

# Quén é quén no goberno municipal

Estes veciños son os responsables da xestión municipal. Cando se presentaron ás eleccións fixérono con ánimo de servizo e de contacto directo cos veciños que sempre distinguíu ós gobernos de Oleiros. Para tratar calquera asunto de competencia municipal que redunde en beneficio de todos, non tes máis que chamar por teléfono ó 981 610000.



**Alfredo Novoa Gil**  
Concelleiro de Facenda,  
Cooperación e solidariedade



**Manuel Fernández Siso**  
Concelleiro de Urbanismo,  
Obras particulares, e apertura  
de establecementos



**María José Varela Neira**  
Concelleira de Persoal,  
Gobernación, Consumo e  
Sanidade



**Emilio Zapata Muñiz**  
Concelleiro de Servizos  
Municipais



**Fernando Pico Eiroa**  
Concelleiro de Cultura  
Presidente da FMC



**Daniel Romero Cagigal**  
Concelleiro de Obras  
Públicas



**María Elena Otero Viqueira**  
Concelleira de Participación  
Cidadana e Servizos Sociais



**José Luis Pena Rama**  
Concelleiro de Xestión de  
Servizos Públicos

## Alternativa dos Veciños governa en solitario

Unha vez celebradas as eleccións, e visto que ningunha forza obtivera a maioría absoluta, correspondía á Alternativa, como grupo maioritario, formar un goberno. Como era previsible, Alternativa e PSOE comezan negociacións para reedita-lo pacto co que gobernaban o Concello antes das eleccións. Convida-se tamén ó BNG, pero o seu único concelleiro rexeita a invitación e opta por quedar na oposición.

As negociacións duran varios días, pero o acordo non acaba

de cristalizar. Logo de case un mes de conversas entre membros da Alternativa e representantes socialistas, non se acadou un acordo, pese a que nunha xuntanza na que participaron o presidente da Alternativa, Gelo e o número 1 do PSOE, Francisco Cerviño, deixaran o acordo practicamente pechado.

Pero día tras día xurdían novos problemas, novas peticións de competencias. Ós departamentos de obras públicas e servizos sociais úniranse urbanismo e sanidade, a segunda e cuarta tenencias de Alcaldía, a participación dos socialistas en tódalas comisións, 2 dedicacións exclusivas e 1 parcial, cos seus correspondentes salarios, e personal administrativo. Pero querían máis, e según dixo públicamente a Alternativa «Non podemos ofrecer máis áreas de xestión a tan só tres concelleiros, pois aunque fosen personas superdotadas, poderían non ter tempo material para realiza-lo seu traballo con garantías».

Así as cousas, chégase ó Pleno coa incertidume de que o goberno municipal non prosperase. De non haber maioría absoluta, debe gobernar a lista máis votada, que neste caso é a Alternativa. A organización do goberno e as funcións de cada un dos seus membros, así como o personal de apoio, tamén saíu adiante cos criterios da Alternativa dos Veciños.

Planificación urbana, Medio Ambiente e Xuventude son xestionadas directamente pola Área de Alcaldía.

## Outros cambios no Concello

A crecente complexidade da xestión municipal obrigou ó Concello a aproveitar o cambio de corporación para modificar profundamente o staff económico e xurídico de diversos departamentos municipais. Os cambios máis significativos abranguen ás substitucións da xerencia, a secretaría xeral e a tesorería.

Outras áreas, como o urbanismo, a intervención municipal ou os servizos manteñen os mesmos responsables. Na xerencia, organismo que depende da alcaldía, incorpórase como responsable de coordena-

ción e planificación Ignacio Piay, o antigo interventor municipal que pasou os últimos anos cun cargo de responsabilidade no Tribunal de Contas de Galicia.

Cóbreanse tamén dúas prazas destinadas a corpos nacionais, que estaban vacantes, e cobertas de forma provisoria por outros funcionarios municipais desde hai máis de 12 anos. Trátase da secretaría xeral do Concello, á que se incorpora o que fora secretario do concello de Rianxo, José Ramón Alonso Fernández; e a tesorería, ó fronte da que se incorpora o economista

Jaime Presas Beneyto.

Outros cambios realizados aboráronse despois de ter realizado un estudo das posibilidades óptimas de rendemento dos recursos humanos do Concello, de tal xeito que cada traballador poida realiza-lo seu cometido de maneira máis apropiada ás súas características, ou, o que é o mesmo, máis contento consigo mesmo. Nos presupostos do 2000, que se están a elaborar, levárase a cabo unha forte promoción interna do personal do Concello, para adecuar máis correctamente a súa dedicación ó traballo coa remuneración salarial.

# Chegan os novos eco-contenedores

**O plan para dotar a Oleiros dun novo sistema de xestión dos residuos sólidos urbanos continúa desenvolvéndose con normalidade. A Mancomunidade de Concellos da área coruñesa, a excepción da capital, que está a xestionar-lo seu propio plan, está a piques de contratar-la adquisición dos contenedores, de diferentes características, para que poidamos depositar-lo lixo separado e facer máis doada a súa reciclaxe.**

Tódolos concellos da Mancomunidade confiarán a Oleiros realiza-las xestións burocráticas necesarias para facer posible estas contratacións, que afectan ós concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo e Sada, ademais do noso. Entre todos teñen unha poboación de case 120.000 habi-

tantes, do que o máis poboado é Oleiros, con 27.000. En total, o plan de dotación de medios para a recollida do lixo acada un investimento de algo máis de 1.000 millóns de pesetas.

O número de contenedores que serán distribuídos pola comarca chega ós 3.726 de tamaño grande (1.000 litros), 245 medianos e 50 pequenos,

ademais de 834 tapas para os contenedores que existen actualmente, xa que precisan ser diferenciados por cores para que os usuarios saibamos dónde hai que depositar-lo lixo orgánico e o inorgánico.

Tamén serán adquiridos 782 depósitos especiais para vidro (os tradicionais iglús verdes) e outros 824 cubos metálicos

azuis, para depositar papel.

Ademais, está tamén en marcha a construción dun parque de reciclaxe en cada concello, cun investimento de case 30 millóns en cada un. Nestes parques ubicaran-se contenedores para materiais especiais, tanto voluminosos coma outros.

Outro capítulo das dotacións é o dos camións recolectores de lixo. Serán adquiridas 16 unidades para repartir. A Oleiros correspóndelle tres. Tamén se adquiren tres unidades lavacontenedores, de uso común para todos, que costan 73,6 millóns.

Unha das novidades que presenta este Plan é o dun sistema especial de contenedores e camión de recollida lateral, máis eficaz (chega con que o piloto únicamente o conductor) que os tradicionais pero que se incorpora de modo experimental. Para este sistema adquirense outros 200 contenedores de alta capacidade (2.400 l.), un lavacontenedor e máis un camión recolector.

Poñera-se en marcha igualmente unha campaña informativa para que todos teñamos claro qué facer co lixo.



## Recollida de Lixo

Horario para depositar-lo lixo nos contenedores: **De 9 da tarde a 12 da noite**

Non depositen lixo os sábados ou véspera de festivos. Por favor, respeten estes horarios, por razóns hixiénicas. Todos queremos un Concello limpo / **Recollida de Chatarra.** Tif. 63 1184

**Para tirar papel:**

**Perillo:** Colexio Valle Inclán / Casa da Xuventude, rúa Darwin / Instituto Xosé Neira Vilas. **Santa Cruz:** Colexio Isidro Parga Pondal / Rúa Ricardo Cubeiro / Instituto de Bastiaqueiro. **Mera:** Colexio Luis Seoane. **Oleiros:** Colexio A Rabadeira / Urbanización Dos Regos, Centro Formación.

**Para tirar vidro:**

**Perillo:** Praza da Canteira / Praza Darwin (Casa da Xuventude) / Avda. Sta. Cristina (Parque José Martí e esquina rúa Xuncal) / Avda. das Mariñas (NVI) (Urbanización Agramar e Urbanización Beiramar) / Avda. Rosalía Castro (Ferretería Oswald). **Nós:** O Seixal. **Santa Cruz:** Viñas de Babilonia (esquina Suárez Picallo) / Esquina Hotel Maxi / Rúa Ricardo Cubeiro. **Mera:** Edificio Casablanca / Edificio A Perla. **Dorneda:** Cruce de Arillo. **Oleiros:** Praza da Rabadeira / Urbanización Dos Regos.

Por favor, non deixe caixas, papel ou botellas fóra do contedor. Agarde a outro día, ou avise ó servizo de recollida.

## Preocupa o mal uso dos contenedores

Causa malestar entre moitos veciños o mal comportamento dos que non atenden ás normas de limpeza, en especial ós horarios de depósito.

É unha magoa ver cómo algúns veciños deciden tira-lo lixo fóra do horario establecido. Por esa causa créanse molestos cheiros e redúcese a eficacia do sistema de recollida.

O horario de uso dos contenedores é de 9 a 12 da noite, excepto sábados e véspera de festivos. Ademais, é preciso utilizar bolsas pechadas.

## A Xunta impón ós concellos o cobro do seu novo canon para sanea-las augas

Tódolos cidadáns de Oleiros temos que abonar 9 pts por cada metro cúbico de auga que consumamos. Así o fixo saber o departamento autonómico «Augas de Galicia», dependente da Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta, nunha carta enviada á empresa xestora das augas de Oleiros, Sergesco.

Anque as primeiras novas sobre este asunto falaban de que serían só os veciños de Perillo os que tiñan que abonalo, por ser a única «entidade poboacional» do concello que supera os 2.000 habitantes, na Xunta definiron todo o noso municipio como unha «aglomeración urbana», que,

evidentemente, supera os 2.000 habitantes. Por elo, a totalidade das parroquias e núcleos de poboación teremos que abonar-la taxa, que servirá para construír infraestructuras de saneamento das augas.

Moitos veciños crerán que se trata dunha taxa municipal, porque será Sergesco a encargada de cobralo. Pero non é así: a Xunta obriga a que o novo canon de saneamento sexa cobrado polos Concellos.

Anque en Oleiros está saneada a práctica totalidade do municipio por medio de tuberías e infraestructuras municipais, o problema xurde cando os refugallo líquidos

abandonos doutros menos civilizados, que non demostran aprecio polo patrimonio público e harmonía co resto dos cidadáns.

De non responder a estas demandas municipais, o Concello vera-se obrigado a executar de oficio o corte da maleza, pasando o cargo ós propietarios das fincas, que haberán de sufragar tódolos gastos que ocasionen os seus descuidos.

Así mesmo, o Concello requerirá á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña para que procedan a limpar de maleza os cómaros e arcéns das vías dependentes destas institucións.

**Quen pague a auga, debe abonar tamén este novo canon**

dos pasan da competencia municipal á autonómica. É aquí onde as nosas augas contaminan os ecosistemas, debido ó mal funcionamento tanto da estación de bombeo da Ponte da Pasaxe, como da estación de saneamento de Bens, onde se xunta coa auga do resto da área metropolitana. Estas instalacións están obsoletas e requiren unha cuantiosa inversión tanto da Xunta como do Goberno Central.



## Mera: o cheiro do verán non viña da depuradora

Aínda

que todo apuntaba á depuradora de Mera como orixe dos cheiros que afectaron durante o verán á localidade norteña, máis tarde descubriuse que os fedores procedían dun desaugue situado baixo a ponte do río Sentiña, que comunica a lagoa coa praia de Mera.

Por alí circula unha tubería de saneamento que dispón dun respiradeiro cun sifón e un desaugue para situacións extremas.

A acumulación de area baixo a ponte por donde desauga a lagoa foi tan grande este verán, que chegou a tapona-la saída do sifón, e elo deu lugar a que se producisen verquidos de fecais polo desaugue.

Técnicos municipais descubriron a orixe do cheiro de maneira casual, xa que todo apuntaba a que a orixe do fedor estivese na depuradora de augas, anque resultaba extrano.

Un malfadado contratempo

nun espacio que non acaba de ser arranxado pola Xunta de Galicia, que ten competencias para elo, a través do ente "Portos de Galicia".

O continuo taponamento con area da desembocadura do Río da Sentiña produce moitas incomodidades ós veciños, que ven cómo se producen inundacións na Lagoa, a beira do río e o parque municipal. Cando chove e a lagoa acumula moita auga, e constantemente os servizos municipais teñen que desplazar unha pala especial para retirar os áridos.

Segundo os estudos técnicos que se teñen realizado, a construción dunha pequena escollera permitiría sair á auga da lagoa e o Sentiña con maior garantía.

### Eliminación da depuradora

A principios do ano próximo poden estar en marcha as obras necesarias para a eliminación da

Un sifón baixo a ponte derramaba residuos, debido á acumulación de áridos

A Xunta anímase por fin a eliminar a depuradora

depuradora de Mera, unha instalación situada en pleno centro urbano da vila, que nacera con carácter provisorio.

Os veciños levan agardando esta obra desde 1996, cando o Concello presentou a obra a unha convocatoria da Xunta para obras de saneamento. Tratábase dun proxecto para a construción dunha estación de bombeo que permita conectar cos colectores xerais da Mancomunidade, cara á estación de Bens vía colector xeral da Pasaxe, que tamén está a piques de se arranxar.

## ¿Cánto lle falta á ría da Pasaxe?



O arranxo da estación de bombeo da Ponte da Pasaxe conta xa con proxecto de execución, e será presentado próximamente ós alcaldes dos concellos

que dan á Ría. O orzamento para levar a cabo a obra será incluído nas contas da Xunta de Galicia do ano 2000. Así o manifestou o delegado da COTOP na Coruña, Jesús Almuíña, ó Concello de Oleiros, durante unha xuntanza na que se falou de varios temas relacionados co seu departamento.

A estación de bombeo debería impulsar correctamente as augas residuais de Oleiros e Cambre ó

centro mancomunado de tratamento de Bens. O deficiente funcionamento desta instalación é a causa de boa parte da contaminación ambiental que padece a ría da Pasaxe. Ningunha tubería da completa rede de saneamento de Oleiros verte directamente á auga.

Anque o Concello de Oleiros teña todo perfectamente canalizado e disposto para que non se vertan ó mar augas en malas condicións sanitarias, o freno ó deterioro da ría ten que vir do organismo superior, que é o responsable de que esas augas cheguen á depuradora mancomunada de Bens para desde alí sexan devoltas ó mar con garantía para a natureza.

A consellería prometera, ademais dun estudio pormenorizado das infraestruturas existentes (colectores da Pasaxe, O Temple e Acea da Ma), o investimento duns 200 millóns de pesetas para recuperar a ría. En concreto, o bombeo da Pasaxe foi construído hai 5 anos e nunca funcionou en boas condicións. O Concello emitiu numerosos

tes?  
un can?  
ou tes  
un porco

Todos viviríamos máis felices se os que temos cans os levásemos da cadea, e limpásemos as súas dexeccións da rúa ou dos parques

OS  
PORCOS  
case mellor no cortello



E lembra: o can, sempre da cadea.

Agora din que teñen o presuposto preparado para o 2000

A actual estación de bombeo non funciona ben

informes, con abundante material fotográfico, para demostrar ante a Consellería que a súa obra non estaba a cumprilo obxectivo saneador para a que fora construída.

Oleiros leva todo este asunto en coordinación cos concellos de Cambre e Culleredo, e mesmo con outras entidades públicas que mostraron interese en que a ría volvесе a ser o viveiro de vida que foi sempre, como a Confraría de Pescadores da Coruña e a mesma Cámara de Comercio.

## Freno ós alcantarillados caóticos

O Concello paralizará as licencias para a construción de novos tramos de alcantarillado e conduction de auga ate as vivendas ailladas que existen no termo municipal, e que foron construídas antes da existencia do ordenamento urbano. Estas vivendas espaxeadas polo territorio están obrigadas a autoabastecerse de auga mediante a construción de pozos propios, e a dispoñer dun pozo negro para os refugallo domésticos.

Son moi poucas as vivendas que non forman parte de núcleos históricos ou novas urbanizacións. Case toda a poboación de Oleiros reside nalgún dos 92 núcleos existentes, ós que por suposto sí chega a infraestrutura de saneamento, unha das máis completas de Galicia. A medida afecta, por tanto, só a vivendas unifamiliares ubicadas en zonas de solo agrícola ou forestal, ailladas ou dispersas.

A construción e o mantemento deses tramos (ás veces moi longos para chegar só a unha vivenda) son moi custosos, e socialmente pouco xustificables, pois a maioría dos veciños terían que soporta-lo coste de enormes infraestructuras só para servizo de moi poucas casas, que ademais son a maioría segundas residencias de cidadáns non censados en Oleiros.

A acción contaminante a que está sometida a Ría do Burgo, a donde van dar redes municipais de Oleiros, Cambre, Culleredo e A Coruña, fai aconsellable que non se saturen aínda máis as tuberías locais.

Moitas urbanizacións que naceran nos anos 60 e 70 e carecían destes servizos, fóronse consolidando como zonas urbanas e dotándose deles. Hoxe non queda sen este servizo ningún conxunto significativo de vivendas, pois, gracias á acción municipal e á boa disposición dos veciños, Oleiros ten resolto un problema que aínda hoxe afecta a moitos concellos rurais e semiurbanos, como é o da circulación da auga, tanto potable como convertida nun residuo doméstico. Nos últimos anos, lévanse construído 7 grandes depósitos de auga, e tódolos veciños gozan dun servizo de alta calidade.

Ninguén poderá especular coa morte

## Dorneda: o cura segue dando guerra ó novo cemiterio

O novo cemiterio de Dorneda será unha realidade anque o cura non queira. Primeiro dixo que non podía figurar como «ampliación do actual», e redactouse un proxecto no que figurase coma novo. Agora pretende que se separe 50m. da Igrexa parroquial, cando só hai 29.

Existe unha norma da Xunta que di que un cemiterio debe separarse alomenos 50m das edificacións. A única construción é a Igrexa, un espazo espiritual ó que acuden tantos veciños na procura de reflexión. Pero case ninguén se explica por qué o párroco ten esa teima contra o novo camposanto.

Os veciños de Dorneda terán prioridade para os nichos


Pero é ben sinxelo: o cura está molesto porque perde o monopolio sobre a administración dos nichos, que pasan a ser un servizo público. O novo cemiterio, que constará na súa primeira fase de máis de 300 nichos, dispoñerá duns prezos públicos taxados polo municipio: xa ninguén en Dorneda poderá especular coa morte.

Cando o sacerdote protestou pola «ampliación» do camposanto actual, o Concello dispuxo a obra doutro xeito: realízase unha obra nova, denominada «construción do novo cemiterio de Dorneda», co que xa non hai vencello posible entre a vella e a nova instalación, pese a estaren situa-

das unha cabo da outra. Pero o cura non se rinde. Agora pretende, mediante unha alegación, que o propio edificio da Igrexa sexa considerado unha edificación calquera, coa que habería que tomar unha distancia de 50m, cando «só» hai 29.

Na primeira fase das obras, ademais dos nichos e servizos comúns dunha instalación deste tipo, contará cun amplo aparcamento, urbanización de todo o entorno e dúas novas plazoletas no contorno da igrexa de San Martiño. O proxecto do camposanto integra as edificacións no frondoso bosque dardedor, unha parcela de uns 11.000 m<sup>2</sup>, polo que decorren de xeito escalonado.

Os 300 nichos desta primeira fase poden ser solicitados por calquera cidadán censado en Oleiros, se ben terán prioridade os da parroquia de Dorneda. A Sociedade Cultural de Dorneda e a Asociación de Veciños Xoeceer ofrecen información xa sobre



esta obra, pero os veciños interesados poden recabar tamén información a través da concelleira da súa parroquia, María Xosé Varela, na casa do Concello (981 610000).

Dorneda é unha parroquia situada no centro de Oleiros, entre Santa Cruz e Mera. Do seu carácter rural quedan os núcleos de poboación tradicionais (Breixo, Agueira, Abeleiras, O Couto, Aguarrío, Arillo...), pero recibiu un gran incremento de poboación coa edificación da urbanización Rialta.

## As aceras entre A Veiga e O Seixal, contratadas

As aceras da estrada autonómica que comunica A Veiga coa igrexa de Nos saíron de novo a contratación, tras quedar deserta a primeira licitación. Revisouse o presuposto e as empresas foron outra vez convocadas de novo para unha obra que excede os 10 millóns de pesetas.

O Concello decidiuse a executa-la obra, que debería aborda-la Xunta, propietaria da estrada, polo risco que ocasionaban á poboación unha vía sen arcéns nin aceras, que ademais do tránsito local de vehículos, soporta tamén a circulación entre O Seixal (NVI) e Abegondo. As aceras decorren polos núcleos da Veiga, Vilar e Vilanova, e chegan á Praza da Liberdade, centro neurálxico da vida pública de Nos.

## Ibarrola, un parque íntimo

A execución do Parque de Montrove consiste en arraxa-la finca que ocupaba un vello pazo do que algunhas paredes aínda non esmoreceron completamente. Os decadentes xardíns daquel edificio, que acougan unha fonte hoxe coberta de maleza, serán a base do futuro parque, ubicado nun lugar moi próximo á capela de

Sampaio e a un manatial de auga que se recuperou hai poucos anos. Montrove é un dos lugares de maior expansión humana do municipio, gracias á construción de varias urbanizacións, que se verán incrementadas con novos proxectos residenciais que pechen o triángulo urbano formado pola N-VI, Perillo e Santa Cruz.



Están xa adxudicadas as parcelas para 63 vivendas a prezos protexidos, que se reservan ós veciños de Oleiros durante 3 meses. Forman parte do plan municipal para o acceso á vivenda pensado para que as familias de Oleiros non teñan que deixa-lo seu concello.

## Xa se poden mercar pisos a bó prezo

Se vostede ou alguén da súa familia están interesados en adquirir unha vivenda en Oleiros, xa pode informarse das condicións en que se venden as 63 vivendas de prezo controlado polo Concello en zonas inmejorables do municipio.

O Graxal, Caavamontes e Icaria II son os lugares nos que están ubicadas as fincas adxudicadas. Os promotores que as construírán teñen a obriga de ofrecelas durante tres meses ós cidadáns censados en Oleiros, e despois, se aínda houbera pisos sen adxudicar, a veciños doutros lugares.

Os interesados poden informarse nas casetas de obra das empresas adxudicatarias, ou no Concello.

A parcela de **Caavamontes** na que se

construírán 9 vivendas, foi adxudicada ó único poxante, a empresa «Manuel Vilas Granja» por 22.033.000 pts., que superou nun millón o prezo de partida.

A parcela residencial do **Graxal** adxudicouse a «Marina Almerimar» por 32,7 millóns de pesetas, a mellor oferta das catro presentadas e que superou en case 3 millóns o prezo de partida; deberá construír 16 vivendas.

Os dous solares de **Icaria II**, para a construción de 22 e 16 vivendas, foron para a empresa «Manuel Canay Martínez e outros», que ofertou un prezo de 60,1 millóns no primeiro caso e 48,5 para o segundo. En ámbolos casos foi a mellor das 7 propostas presentadas, que superaron

o importe de partida nuns 20 millóns.

O Concello obtivo por esta operación de venda de solo máis de 180 millóns de pesetas, que servirán para

engrosar o presuposto de obras en todo o municipio. Este solo formaba parte da cesión obrigada do 10% dos terreos de cada urbanización.

**Informan nas casetas de obra ou no Concello: 981 610 000**



Lugar do Graxal donde se construírá unha urbanización

## Adxudicadas as parcelas de Romardeiro

Trece das 17 parcelas que saíran a subasta para a construción de vivendas unifamiliares en Romardeiro (Santa Cruz), fóron adxudicadas a particulares por un precio que en tódolos casos foi superior ó importe de saída. O prezo de cada unha delas era de entre 8,3 e 9,7 millóns de pesetas, e miden entre 500 e 850m<sup>2</sup>; en cada caso,

dispoñen dunha superficie edificable de 245m<sup>2</sup>. En total, o Concello ingresa case 121 millóns de pesetas, que se destinan a investimentos.

Estes solares para construír vivendas saíran a subasta popular a un prezo máis baixo que o de mercado nun polígono residencial en expansión situado entre a nova glorieta de Coruxo e o insti-

tuto María Casares, lindante coa avenida de Che Guevara. As catro parcelas que quedaron desertas, saíran de novo a licitación. Os interesados poden poñerse en contacto coa Secretaría Xeral do Concello, onde lles informarán sobre os sinxelos trámites necesarios para participar na poxa.

## O proxecto da obra viaria de Iñás chegou xa ó Concello

Fomento enviou xa ó Concello de Oleiros o proxecto final das obras que modificarán sustancialmente o cruce de Iñás e a zona do Campamento. Básicamente, as obras consisten en construír un túnel por baixo da N-VI, trazar novas vías para acceder a ela, instalar unha pasarela peatonal, e construír aceras en toda a zona do Campamento.

O Concello planificara a mellora integral da seguridade vial e a seguridade do tráfico na intersección da NVI e a estrada de Oleiros a Pravio, hoxe regulada por un semáforo.

Os veciños de Iñás pronto verán cumprido un desexo que viñan reivindicando desde hai anos, en unión co Concello. O investimento é de 308 millóns.

## Remózase a Urbanización Bastiagueiro



A de Bastiagueiro é unha desas urbanizacións que naceron entre os anos 60 e 70, sen ter en conta a calidade urbana nen o bon funcionamento de servizos básicos como o alumado público, a rede de pluviais, etc.

Rúas estreitas, edificios altos... a paisaxe urbana importaba bastante pouco. Durante unha época, as urbanizacións como ésta non eran máis que apartamentos de fin de semana. Pero co tempo foron mudando de propietarios e de filosofía.

Os veciños demostran hoxe unha maior sensibilidade urbana, e dispoñense a mellora-lo lugar donde viven, para equiparalo, na medida do posible, a

outros entornos de maior calidade. Así, o concello acomete, despois de 20 anos, a legalización desta urbanización, que pasa a ter unha nova rede de pluviais, asfaltado e un novo alumado público. Son obras moi necesarias para a habitabilidade do barrio, que non se fixeran no seu día.

De xeito paralelo, os veciños están mellorando o aspecto das súas vivendas pintando as súas fachadas dunha cor moi viva. Ese amarelo, contrasta de forma moi atractiva co profundo verde que as arrodea, e realza a fisonomía dunha urbanización cunha peculiar adaptación escalonada á ladeira que ocupa.

**Antes eran «fins de semana», agora son domicilios principais**

## Novas urbanizacións

Son varios e importantes os procesos urbanizados que poderemos observar no territorio municipal a curto prazo. De norte a sur Oleiros medra coa marca de calidade de sempre: espazos públicos, equipamentos e dimensión humana.

# Oleiros segue medrando con pé firme

Rematado o proceso de tramitación do planeamento das diferentes áreas reguladas a través do Plan Xeral de Ordenación Municipal, otorgáronse licencias de urbanización e construción dos edificios que traerán como consecuencia a aparición de novos núcleos de poboación.

### O GRAXAL DE OLEIROS

É unha zona situada entre a rúa do Burgo, O Seixo, a N-VI e o Graxal de Cambre. Nos próximos meses, alí serán construídas 161 vivendas tanto individuais como colectivas. A nova urbanización disporá tamén de espazos verdes e paseos peatonais á beira da rúa.

### ROMARDEIRO

Trátase da expansión urbana de Santa Cruz, pois abrangue unha superficie de 10 hectáreas (102.000m<sup>2</sup>) entre o cruce de Coruxo, o instituto María Casares, a avenida Che Guevara e o a rúa Casares Quiroga (que conduce á igrexa vella de Liáns). Serán edificadas 6 bloques de vivendas libres de baixo e 3 prantas, e outro máis con 52 vivendas de prezo protexido, así como un centro comercial, un hotel e unha gasolinera. Esta urbanización realiza unhas cesións de solo público de perto do 60% da superficie, entre a que cabe destacar a cesión anticipada dos terreos nos que se edificou o Instituto María



Casares. Ademais, ceden o espazo para o pabillón polideportivo actualmente en construción tralo instituto, e un parque fluvial ó longo do río que desemboca en Bastiagueiro. Tamén tralo instituto haberá un bosque público de uns 10.000m<sup>2</sup>. Ceden así mesmo unha cantidade de 56 millóns de pesetas para equipamentos noutras áreas do Concello, ademais de sufraga-los costes de urbanización desa área, que acadan os 298 millóns. En Romardeiro sitúanse 21 fin-

cas para vivendas unifamiliares tamén cedidas ó municipio, que subastou entre particulares.

### AREAL 2

En Perillo comeza a construírse esta urbanización, situada entre o novo centro comercial Día e o "Sol y Mar", na avenida das Mariñas. Ademais de 73 vivendas de alta calidade, lógranse varios espazos verdes de uso público, e consolídase esa zona, moi próxima a Caavamontes, Rialeda e Agramar, e un dos

núcleos centrais de Perillo. Esta urbanización recibe o nome comercial de "Viña do Prado".

### O MUIÑO

O centro urbano de Santa Cruz tamén vai recibir un novo pulo con esta acción, que ocupa un amplo solar entre as vivendas sindicais unifamiliares, a avenida de Concepción Arenal e as rúas Néveda e Gaivoteira. Este espazo será ocupado por unha extensa praza semicircular pechada pola súa parte posterior, cun edificio de 56 vivendas. Esta promoción consolidará esa zona central de Santa Cruz, tradicionalmente denominada "O Muiño do Pedro".

### FONTE DE PERILLO

Ubícase entre a rúa do Patín, a avda. de Valle Inclán, As Avogadas e o camiño da Fonte de Perillo, nas Barreiras. A promoción de vivendas traerá consigo unha importante infraestrutura e equipamento do núcleo histórico de Perillo, ó que aportará zonas verdes, deportivas e escolares. Edificaranse chalés (na parte máis alta) e bloques de baixo máis tres prantas, así como vivendas de prezo protexido. Esta acción, de 70 vivendas, xa comezou cunha praza pública na rúa do Patín, perto da actual Praza da Cultura.

### CENTRO URBANO DE MERA

Tamén avanza a tramitación

dunha promoción en Mera, tra-la cafetería Nai-Pai. Alí serán construídas sobre 82 vivendas, o que revitalizará a zona, así como unha gran praza pública, con parking, e outras zonas verdes no ámbito das vellos Escolas da Lamalonga.

### CLUBE DE TENIS

En fase de tramitación está tamén unha importante urbanización entre o Clube de Tenis e o Río da Veiga, en Nos, que ocupa ambas marxes da N-VI. Inclúe chalés e vivendas en altura, e tamén un centro comercial. Como en tódalas urbanizacións do municipio, serán construídas vivendas de prezo protexido. A trascendencia desta obra vai moito máis alá da dun simple polígono residencial, xa que a colaboración dos seus promotores co Concello para facilitar a integración da urbanización na nova configuración viaria da zona foi moi importante para que as obras de reforma dese sector do Seixal poidan ser incluídas nos presupostos de Fomento para este ano que entra. Tanto a glorieta do Seixal como o actual cruce do Clube de Ténis serán dotadas de solucións a distinto nivel, con novas alternativas para as interseccións das vías que conflúen no lugar: un novo acceso á estrada de Mabegondo (Salvador Allende) e o principio da nova vía que conectará a N-VI coa A9 na peaxe da Barcala.

## As vivendas públicas do Carballo, no ano 2000

Suponse que o polígono de vivendas que o Instituto Galego da Vivenda e Solo programou construír no Carballo, e que levantan unha lóxica expectativa entre os nosos veciños, comezarán a construírse no ano 2000.

A Xunta aínda non remitiu ó Concello datos precisos sobre as condicións económicas e financeiras para adquirir as vivendas, necesarias para que o Concello comence a campaña informativa. Cada cidadán recibirá unha carta sobre este asunto. Este polígono consta de 189 vivendas unifamiliares e en altura a carón da N-VI, fronte á Urbanización O Pinar, en Nos.



## Nova praza na Aguieira - Dorneda

O acceso peatonal á praia de Naval e unha nova praza pública son o resultado dunha promoción de chalés que se están a rematar na parte superior da traspraia. Esta rúa peatonal levará o nome de «Vía Buccino», en lembranza da pequena cidade italiana coa que Oleiros se irmanou este verán.

A xestión dos servizos públicos é un dos temas que máis atención requiren no concello, polo que as fórmulas teñen que ser cada día máis áxiles e audaces.

## Unha empresa pública de servizos

Están dándose os primeiros pasos para a constitución dunha empresa mixta que terá como misión xestionar parte dos servizos municipais. Esta entidade, sometida ó dereito privado, será controlada e dirixida polo Concello, e a xestión participada con capital privado.

Trátase dunha fórmula coa que se tentará axilizar a prestación de servizos municipais ós veciños, e rentabiliza-los recursos de que dispón o concello, así como lograr un maior control do gasto e maior axilidade administrativa. A nova empresa deixarase notar máis durante o verán, especialmente nun concello tan disperso e turístico como o noso, será máis operativa para facer fronte a imprevistos que se poidan presentar, e fará posible a prestación de novos servizos ós cidadáns.

Xardíns, transporte público, limpeza de edificios, bombeos, obras públicas e outro tipo de servizos poderían ser xestionados pola nova entidade.

Permitirá unha maior axilidade nalgúns servizos municipais

Será compartida con capital privado



## Correos abre a súa nova central para Oleiros e Cambre

As disculpas que ofrece Correos ó mal funcionamento nalgúns parroquias do Concello están agotándose. Gracias á cesión municipal dunha finca en Caavamontes, este servizo do Estado xa pode traballar con comodidade.

Na nova sede ofrecen servizo de correspondencia, telegramas, fax, paquetes, xiros, franqueos, reembolsos, apartados de correos, etc. Alí hai espazo para atender tódalas necesidades que ofrece esta canle de comunicación imprescindible para os cidadáns.

Agardamos que sirva para mellorar-lo servizo, sobre todo nas

parroquias do norte. O horario de atención ó público é de luns a venres de 8,30 a 14,30 e sábados de 9,30 a 14,30 horas. O teléfono da nova oficina é 981 638 850.

Os despachos de Santa Cruz (Rúa Repicho) e Iñás (Campamento) siguen abertos para a admisión de correspondencia, en horarios de 9 a 11 da mañá.

Está situada na rúa Zaire, en Caavamontes (Perillo)



Santa Cruz e Coruxo teñen unha circulación rodada máis áxil

## Nova regulación semafórica

Concluíron os traballos da nova regulación semafórica de Santa Cruz, que permitirán unha maior fluidez do tráfico rodado e, por tanto, eliminar as intensas colas de vehículos que se producían ó longo das avdas. Concepción Arenal (cruce da gasolinera) e Che Guevara (cruce de Coruxo), á entrada á localidade.

Mentres duraron os traballos, o concello decidira manter en ámbar os semáforos, para que a circulación fose algo máis doada.

O verán, temporada en que se duplica a utilización da estrada das praias, coincidiu coa liberación ó tráfico do novo nú viario de Perillo, polo que a afluencia de automóviles cara a Santa Cruz foi incrementándose, ó atravesala Ponte con maior facilidade.

Con todo, a solución ó intenso tráfico desta estrada pasa por construí-la nova vía rápida interior entre Lorbé e Iñás, que canalice o tráfico cara á rede de autopistas.

Por outra parte, chama a atención a acción dos encargados das obras do nú da Pasaxe. Poucos meses despois da entrada en servizo do novo ramal de entrada á ponte, tiveron que destruílo para construír un túnel peatonal, ralentizando de novo o paso de vehículos procedentes de Che Guevara e sa avdas. de Rosalía Castro e As Mariñas.

*¿Eres Obxector de conciencia?*

*¿Estás censado en Oleiros?*

*Pois podes prestar aquí o teu Servicio Alternativo.*

Infórmate na Casa da Xuventude (Rúa Darwin, 1. Perillo) Tlf. 63 5769



# O Concerto da Fin do Milenio trouxo a Santa Cristina Collimamos todos

Luar na Lubre, The Coors e Mike Oldfield convocan en Santa Cristina unha multitude sen precedentes

Aquel concerto de Santa Cristina na memoria de Oleiros foi unha celebración multitudinaria na praia de Santa Cristina. A nosa praia de peregrinos máis felices e os seus ídolos internacionais marcados por un carácter forte na Lubre, os irlandeses

## Unha tarde de lecer

Eran as catro da tarde e xa funcionaba o servizo de autobuses encargado de recoller xente na Coruña e trasladalos á praia. Suxeríase pasar unha tarde de lecer no areal, e prolongala coas músicas ata ben avanzada a madrugada.

Sabíase que sería un gran acontecemento. Moita xente, que algúns da organización —os «Concertos da fin do milenio» do Xacobeo— atrevíanse a facer previsións: os máis ousados falaban de 80.000 persoas, contando con que cada grupo arrastraba consigo cadaseu público, non de todo coincidente. Máis «celtas» os do grupo coruñés, máis «pop» os seguidores das espectaculares femias de The Coors, e máis «new age» os do mítico músico inglés. Estas previsións sobrepasáranse. Anque non houbo quen dise unha cifra concluínte, a «horquilla» iba dun mínimo de 120.000 almas a un máximo de 160.000. Evidentemente, ninguén as contou.

## Procesión constante

**Conforme avanzaba a tarde, ben se vía que aquilo ía ser unha concentración sen precedentes. A multitude chegaba ó areal por tódalas vías posibles. Che Guevara era unha constante procesión; as avenidas coruñesas da Pasaxe e Alfonso Molina nunca viran tantos mozos andando a pé cara á ría, na procura de músicas amables. A avenida das Mariñas, Rosalía Castro... tódalas rúas que levan á praia presentaron durante a tarde o aspecto dun incesante río humano.**

## Un marco atractivo

O reto do Concello era evidente. Os atractivos que presenta Oleiros para o espectáculo e o lecer fixeron ós responsables destas celebracións Xacobeas desprazar aquí dúas das súas máis engaiolantes convocatorias: este concerto, e o da **Filarmónica de Brno**, unha prestixiosa orquestra checa que agasallou o paseo marítimo de Santa Cruz coa Música para os Reais Fogos de Artificio, de Haendel, coroada cunha espectacular traca luminosa que transformou o Castelo da illa nun refluxente espectáculo luminoso. Pero aquel fora un acto de máis doada organización; o de Santa Cristina foi outro cantar.

## Unha operación ambiciosa

Había que poñer en marcha todo canto de organización e seguridade tiñamos, xa a capacidade dun concello como o noso non desmerecer, como así o recoñeceron todos na longa lista de parabéns recibidos nos días de servizos que participaron no evento.

Un ambicioso plan coordinado pola conselleira de Gobernación, María Xosé Varela, puxo en marcha un enorme operativo que incluía desde os servizos municipais para axeitar lugares de aparcamento a realiza-la posterior limpeza da praia, ata as actuacións protocolarias ós membros da organización pasando polas previsións sanitarias, ordenación de tráfico, sistemas de prevención da seguridade. Un papel no que tiveron especial importancia os corpos da Policía Local e Protección Civil. Os seus compoñentes diron, individual e colectivamente, sobrados exemplos de compromiso e entusiasmo.



## Santa Cristina máis de 100.000 almas musicais

Santa Cristina quedará nos anos como a concentración máis grande da que fomos testemuño amable acollida ós conciertos, porque viñan ver os artistas internacionais. Un concerto de Los Corruces cos coruñeses Luar e os británicos The Coors e o británico

Mike Oldfield. Non importou demasiado que os organizadores non tiveran previsto un deseño do son máis axeitado, ou que non instalaran pantallas no escenario. Foi toda unha aventura pasear polo areal, e incluso durmir sobre Santa Cristina, sentindo de fondo as músicas máis engaiolantes.

**Membros da organización comentaban que era un dos maiores concertos celebrados na península**

**O civismo do público foi proverbial: nin un só incidente de importancia, algo raro nestas concentracións**

### Todo tiña que estar a punto

As operacións previas de montaxe das infraestruturas foron inxentes. Unha semana antes comezaron a chegar camións para organizar non só o escenario, senón displays publicitarios, elementos accesorios, e sobre todo unha ampla zona de camerinos e espazos para a organización, prensa e autoridades, normalmente denominados «áreas vip». Para todo elo tiveron que dispoñer de boa parte do parque de Santa Cristina, que arredaron dun valado constantemente vixiado por un comprido servizo de seguridade privada que a organización dispuxera ó efecto.

Moitos operarios de montaxe traballaban baixo o sol de xullo para que todo estivese a punto. Para facilitar todo ese labor, o Concello tivo que tomar decisións acerca da circulación de automóbiles privados no «embudo» urbano situado entre a glorieta e Che Guevara, un sector que quedou reducido ós automóbiles dos residentes e servizos mínimos de hoteis, comercio e hostelería.

### As menores molestias ós veciños

**Repartíronse autorizacións de paso a tódolos veciños e usuarios de garaxes, pois os automóbiles que dispuñan dun lugar de aparcamento baixo teito, non molestaban na rúa. O ánimo municipal —así se expresou ós veciños— era facilitar os labores organizativos do concerto, sen que elo perxudicara demasiado á vida diaria de Santa Cristina.**

**Aínda que houbera algunha persoa perxudicada, o obxectivo logrouse. Prácticamente non se recibiron protestas e todo o mundo colaborou de maneira moi cívica ó éxito do evento, que tanto deu que falar en tódolos medios de comunicación, e que tan alto deixou o nome de Oleiros e a nosa soberbia praia.**

### A hostelería cumpriu

As pandillas de xente eran moi numerosas xa ás seis da tarde, dúas horas antes do comezo oficial. Toda Santa Cristina estaba chea de chiringuitos que previamente se puxeran de acordo en prezos e produtos. Ninguén se sentiu incómodo, porque ninguén quixo facerse millonario e os usuarios contaron con refrescos a 200 pts., e bocatas de boa calidade e a un prezo semellante. Os hosteleiros de Santa Cristina tiveron un comportamento exemplar.

### Medra a autoestima

Abrían as primeiras luces de agosto e aínda quedaban algunhas tribos ciscadas pola praia e os arredores. Mentres os máis aventureiros saían lentos do areal, comezaba a volta atrás. A carreira por recuperala normalidade. Retira-los tubos insonoros do andamio-escenario, que contrastaba cos «tubular bells» da estrela principal, esfarelar toda aquela montaxe, e deixa-la praia limpa como un sol. Oleiros, que é un concello xa de por sí tirando a orgulloso, gañou un punto máis para a súa autoestima.

### O público, un orgullo

**Sorprende a todo o mundo o civismo do público. Algunha que outra bebedeira, como é normal, pero nin un só incidente de importancia. Parecía increíble que tantísima xente concentrada non dise como resultado algún destrozo... nada. Nin unha peza de mobiliario urbano afectada, nin un só informe policial de relevancia. Xente danzando, xente paseando, xente durmindo sobre a area, xente bailando dentro dos bares, xente retozando nos xardíns ou vagando polo areal, disfrutando de tan especial concentración... incluso xente participando desde os barcos, ancorados perto da area.**

## Mellorando a calidade

Algunha destas obras probablemente pase desapercibida para a maioría da poboación. Pero ahí estarán, para seguir enchendo de calidade a vida diaria dos cidadáns. Moitos veciños de Oleiros se beneficiarán deste novo programa de obras públicas impulsadas polo Concello.

# O 99 remata con importantes obras

## Aceras en Salvador Allende

■ **A principal vía de Nos.** Os veciños desta zona poderán circular con maior facilidade, xa que esta vía facilita a circulación por entornos tan concorridos como o núcleo da Praza da Liberdade (Igrexa, Casa do Pobo, consultorio médico, escoliña infantil, pistas deportivas...)

## Saneamentos no norte e Iñás

■ **En Fornos e Broño.** Son dos poucos núcleos que quedaban en Oleiros (parroquias de Serantes e Maianca) por dotar de auga e saneamento.  
■ **Entre Piñeiro e A Xesta.** Os veciños que viven entre Piñeiro e A Xesta, na parroquia de Iñás, verán conectadas as súas tuberías da auga e o saneamento ás redes xerais.

## Depósito de auga en Oleiros

■ **Nova construción.** Unha infraestrutura que mellorará a condución de auga potable a tódolos núcleos da parroquia.

## Entorno do novo instituto de Oleiros

■ **Na avda. de Miguel Hernández.** A capital municipal está a piques de ver estrenado o instituto que Educación está a construír na vía que une Oleiros e O Carballo. O Concello habilita os frentes viarios.

## Melloras viarias en Santa Cruz

■ **Arcén peatonal entre Os Regos e Santa Cruz.** Unha obra que mellorará a circulación peatonal nunha vía con alta poboación.  
■ **Aceras no Seixo** Serán construídas para os veciños desta zona da parroquia de Liáns.  
■ **Acceso ó cemiterio municipal de Liáns.** Melloras que facilitarán o tránsito e inclúen o entorno do Pazo de Lóngora.

## Bombeo de fecais en Santa Cruz

■ **Remodelación.** Para actualizalo e dotalo de maior capacidade operativa, prevendo o aumento da poboación.

## Rehabilitacións

### Alfar das Torres de Santa Cruz



### Acceso a Rialeda

■ **Mellora á entrada da Biblioteca Central.** Inclúe a pavimentación da praciña de entrada, que quedara pendente de executar. Os usuarios dispoñerán así de maiores facilidades de acceso.

### Lavadeiro de Montrove

### Porto do Castelo de Santa Cruz

■ **Remodelación.** Unha obra necesaria no marco da restauración de todo o contorno da illa, e que inclúe a construción da nova pasarela

### Urbanización da rúa Miradoiro

■ **Parroquia de Perillo.** Esta vía será dotada dos servizos urbanísticos adecuados.

### Praia de Naval

■ **Recuperación do entorno.** Este lugar de Dorneda verá recuperado o hoxe descuidado aspecto do seu entorno. Aínda que un plan posterior incidirá sobre todo o perímetro litoral da Atalaia, de momento vaise executar o acceso peatonal —a Vía Buccino— cabo dunha urbanización recentemente edificada naquel lugar. Tamén se adecentará a baixada á praia, e restaurase a vexetación.

### Antigo muíño de Dexo

## Pavimentacións

### Rúa O Couto

■ En Iñás

### Rúa Os Galgos

■ En Arillo-Dorneda

### R. Monte Casal

■ Na Aguieira-Dorneda

### Rúa Corralón

■ En Sta. María de Oleiros

### «Tertulia» nos Regos

■ **No parque central.** Instalación dun templete exagonal de madeira no parque central da Urbanización dos Regos, unha peza que se está rematando estes días no Centro de Formación Municipal Isaac Díaz Pardo. Para a ubicación desta peza, destinada maiormente ás tertulias xuvenís, foron consultados por carta os mozos da urbanización.

## Previsto ampliar o transporte público

Zonas con carencias graves



É unha das preocupacións veciñais máis latentes, polo que técnicos municipais están arestora elaborando un plan para desenvolver novas liñas polo interior do Concello (lugares das parroquias de Nos e Iñás ó sur da N-VI) e zonas do norte e o interior. O principal problema é a case nula comunicación destas poboacións coa capital municipal, e a escasez de frecuencias de autobuses coa zona de Lorbé, Dexo e Mera (Serantes e Maianca).

Aínda que as solucións do transporte interno de Oleiros pode organizalas o Concello, constátanse tamén problemas de índole metropolitana. Os veciños decidiron, nunha recente assemblea das Asociacións, nomear dous representantes no comité creado na Mancomunidade para o estudo deste problema a nivel supralocal.

A posta en funcionamento das novas liñas ten relación, por cuestións de economía e operatividade, coa futura actividade da empresa de servizos que será creada para xestionar algúns servizos públicos.

## Renóvase o Catastro de Rústica

Os propietarios das aproximadamente quince mil fincas rústicas de Oleiros están sendo convocados para colaborar na actualización do Catastro de Rústica, que dirixe a Xerencia do Catastro do Ministerio de Facenda e está apoiado por técnicos municipais de Oleiros.

Cada certo tempo convídase ós veciños a que colaboren no proceso de renovación dos documentos, que poden acudir ás diferentes convocatorias realizadas mediante bandos municipais. Normalmente, a cita é na Casa do Pobo ou Centro Cívico de cada parroquia entre 9,30 e 13,30, e entre 15,30 e 19,30 horas.

Este labor de actualización ten unicamente valor informativo, e non está relacionado con nengunha acción impositiva, senón puramente estatística. Despois de realizado un traballo inicial a partires dun

voo e dos datos precedentes (voos dos anos 57 e 88), toca agora o turno á participación directa dos propietarios, tendente a reducir no posible o número de erros que poideran existir.

Por exemplo, cambios de propiedade que non estén recollidos oficialmente, ou cambio no uso da terra para cultivos. Despois de realizada a comprobación, dase a cada cidadán unha cédula catastral personalizada.

Este paso de correccións sucedera-se coas oportunas comprobacións sobre o terreo. Posteriormente serán de novo expostos os resultados, e poderanse realizar novas alegacións, para concluir cunha información precisa acerca do conxunto, as características, os propietarios e calquera outro pormenor de interese para o inventario oficial de datos sobre a propiedade non urbana do Concello.

Corenta e cinco mozos de Oleiros están a aprendendo a construír xardíns e zonas boscosas no Pazo da Carballeira. Son os implicados na Casa de Oficios que quedou instalada no Pazo da Carballeira, na parroquia de Nos. Dona Xoana de Vega destinara-o a escola agraria no seu testamento. Estamos así a cumprir un desexo da distinguida dama.

## Aprenden xardinería, viveirismo e forestación na Carballeira



Cultivos baixo abrigo



Son os mozos que optaron ás prazas de formación nunha especialidade de futuro no noso Concello, debido ó tipo de residencias que se establecen por toda a comarca, ás numerosas comunidades de veciños que contratan servizos de xardinería para mante-los seus espazos, e mesmo á enorme importancia que teñen as zonas verdes na planificación urbana de Oleiros.

A Fundación Municipal de Cultura, a través do Centro de Formación Municipal Isaac Díaz Pardo, propuxo a Casa de Oficios A Carballeira, co obxectivo de combinar as capacidades de formación e de produción.

Nela estanse a formar un total de 45 alumnos, nas especialidades de Bioxardinería, Viveirista de Planta Autóctona e Auxiliar de Viveiro Forestal.

Un dato moi importante, aínda que

de natureza sentimental, é o vencello que une esta escola cunha das damas máis senlleiras do século XIX. O Concello quixo cumprir o desexo manifestado ao finar pola insigne Juana de Vega: converter o seu pazo de Nos, herdanza cun evidente fin social, en escola de capacitación agraria. Os tempos mudaron, pero a súa vontade estase a cumprir dun xeito moi fiel.

As actividades de formación empregan como soporte os medios e produtos de que dispón o viveiro, ademais de dúas aulas cedidas nas instalacións do pazo pola Fundación Juana de Vega, coa que se asinou un Convenio polo que, ademais, se procede á completa restauración do Pazo. O edificio será a sede desa Fundación, que ocupará toda a pranta superior e parte da inferior.

As capacidades productivas concéntrase na instalación dun viveiro adaptado ao cultivo dun gran número de especies vexetais, prestando especial atención a aquelas que forman parte da flora autóctona galega e aquelas que son utilizadas de forma máis intensa nos xardíns municipais.

Así lógrase obter en cantidade e calidade suficiente planta autóctona para a reforestación de espazos naturais degradados e a cobertura de outras necesidades medioambientais.

Así tamén está garantizado o suministro, os xardíns municipais, de planta de flor de temporada e exemplares senlleiros, para a reposición. Ademais, dispónse dunhas completas instalacións de prácticas para a escola de oficios vinculados ao uso natural do territorio.

**Préstase especial atención ás prantas tradicionais galegas**

**Suministrarán prantas ós xardíns**

## Liberao o amigo preso na Tablada

Joaquín Ramos Mora é un cidadán arxentino, como tantos outros, con ascendente galego. En 1989, os militares arxentinos amenazaban cun novo golpe de Estado.

Foi cando 49 homes e mulleres decidiron asaltar o cuartel de La Tablada contra os militares «carapintadas», de orientación ultradereitista., unha acción na que morreron 19 asaltantes, 4 deles foron executados sen xuízo, 6 desapareceron e outros 20 foron condenados a prisión despois de sufrir torturas e tras un xuízo sen garantías procesais, segundo a Asociación Pro Dereitos Humanos de España.

Entre os presos estaba este fillo de galegos, condenado a cadea perpetua e ingresado no piso 18 da prisión de Caseros. «Non sabiamos o que era pisa-lo patio, nen ver o sol, nen sequera respirar

**Oleiros traballou intensamente para que fose trasladado a España**

se cumprir cadea aquí. Nelo estiveron volcados os seus familiares e algunhas autoridades españolas, entre as que destacaron as accións realizadas desde o Concello de Oleiros.

Joaquín sabía delas, e por eso o primeiro que fixo cando puido, foi visitar ós seus

aire fresco», declaraba emocionado.

Ó ser cidadán español, Joaquín chegou a Madrid o pasado 16 de outubro, gracias á petición de que se lle permitise

solidarios valedores. Percorreu o noso concello coa súa compañeira, e explicou detalles da súa experiencia na Casa Charry.

Por outra parte, a asociación pro dereitos humanos esixe a liberación de tódolos detidos, no senso do solicitado pola Comisión Interamericana pro dereitos humanos, que se basea na certeza de que o xuízo foi unha farsa. Ademais, quere que os presos reciban unha axuda mensual que lles permita cubri-las súas necesidades básicas.

Agora, estes mozos arxentinos viven só da solidariedade, polo que a Asociación abriu unha conta onde todo o que o desexe pode entrega-la súa aportación:

**Caja de Madrid, conta a nome da Asociación pro dereitos humanos, La Tablada. CCC: 2038.1728.54.6000643593.**



# Ledicia e vida sana para os maiores

**A programación de actividades para os máis maiores non se detén. Como sempre, os nosos queridos abós teñen unha chea de posibilidades para desenvolver unha vida sana, chea de ledicia. Se no verán son as viaxes, no inverno as actividades baixo teito.**

As persoas que se someten a un programa de actividade física presentan unha diminución da tensión, da ansiedade e melloran a resposta ao estrés. Diversos estudos demostran a relación existente entre o exercicio físico e a mellora da autoestima nas persoas inmersas nun programa de actividade deportiva de forma regular.

**Estimular, romper a monotonía e facer deporte axudan a vivir mellor**

Estes estudos tamén mostran a dependencia entre o exercicio físico e as funcións intelectivas, a memoria e a imaxinación. Os programas de exercicio indican mellorías na actividade mental inclu-

adquirir novos coñecementos e a recuperación das facultades esquecidas. Todo isto axuda a romper co aillamento e acadar así unha mellor integración social.

Este é o activo programa municipal de atencións ós máis maiores: **Ximnasia de mantemento.** Exercicios de equilibrio, coordinación, axilidade, flexibilidade, forza, resistencia e velocidade **Bailes de salón.** Práctica dos diferentes bailes de salón (rumba, cha cha cha, pasodoble, rock and roll, etcétera). Tamén aerobio e psicomotricidade.

**Natación.** Grupos de iniciación e perfeccionamento na piscina do hotel Rías Altas, con servizo de transporte gratuito. O exercicio no medio acuático facilita a incorporación de persoas en situacións máis difíciles. **Ioga e relaxación.** Preparación corporal, posturas de ioga, exercicios respira-

so en pacientes mentais xerátricos. Ademais, está a posibilidade de desenvolver novas vías de comunicación, xunto a estimulación da necesidade de



Excursión de veciños organizada por Servizos Sociais.

tórios, expresión corporal e canalización de enerxía. A flexibilidade nos músculos axuda a eliminar tensións, combater e prever os trastornos respiratorios. **Taller de memoria.** Conquerir a dotación de recursos para exercitar a capacidade de

memoria, coñecer os tipos de memoria e exercitalos. Se recurrirá a prácticas dinámicas que axudan a manter a memoria áxil (almacenamiento de información sensorial, memoria a curto prazo e memoria a longo prazo).



## Nova xeira dos «obradoiros», con 23 propostas de ocio

Fotografía, gravado en madeira, corte e confección, cartón pedra, técnicas de relaxación, encaixe de bolicillos, manualidades, tapices, tear, macramé e debuxo e pintura son as once especialidades das que consta esta xeira a programación dos Obradoiros, unhas sesións ocupacionais nas que participan centos de veciños dúas veces ó ano.

Para levar a cabo as actividades contan con toda a rede municipal de Casas do Pobo, Centros culturais ou centros cívicos, ademais da Escola das Pedras de Perillo. En total, os servizos sociais municipais programa-

## Casas do Pobo e centros culturais acollen estas actividades sociais

ron unhas actividades que abranguen 780 horas divididas en 23 convocatorias de 48, 36 e 24 horas cada un, que terán lugar durante os tres últimos meses do ano.

A organización destes obradoiros forman parte da programación da área de servizos sociais do Concello de Oleiros.

## Educación para unha saúde mellor

O Programa Comunitario de Educación para a Saúde leva xestionándose dende o ano 97 en resposta as demandas dos diferentes colectivos sobre Información, Orientación e Intervención en situacións de conflitos e problemas de saúde de diferente nivel, tanto na infancia como na xuventude, na escola e na familia.

O Concello, dende a súa Concellería de Servizos Sociais decidiu favorecer a protección e prevención da saúde nos cidadáns, con accións educativas, informativas e participativas. Trátase de integrar o concepto de saúde non só coma ausencia de enfermidade, senón tamén como construción social e histórica.

Problemas como o consumo de sustancias tóxicas, conflitos familiares, prevención de embrazos non desexados, as relacións afectivas e sociais, a sexualidade, etcétera, necesitan unha visión globalizadora. E que é necesario informar e formar con actividades continuadas a través da escola, incluída nas materias do currículo escolar. A participación dos propios alum-

nos xa dende a educación infantil, é fundamental.

A prioridade do Curso Básico de Educación Afectivo-Sexual, dirixido ao profesorado e mediadores sociais, sexa aprender a promover actitudes tolerantes e responsables na poboación xuvenil. Tamén cambiar informacións erróneas, saber manexar conflitos xeneracionais, etc.

O comenzo do curso comunicará-se coa antelación suficiente, terá unha duración de 48 horas lectivas, e está homologado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de la Xunta de Galicia. As diferentes sesións estrutúranse nun día a semana, en clases de tres horas.

Os docentes son expertos en materia de saúde comunitaria, sexólogos e médicos de centros de saúde. O Concello de Oleiros próximamente distribuirá polos centros públicos a información da iniciativa para informar ao profesorado interesado en participar.

Por outra banda, tamén haberá, máis adiante, actividades abertas a toda a poboación de Oleiros, sempre sobre os diversos temas da saúde.



A ampliación de varios colexios e outros centros educativos, a Escola de Música e Danza, o novo instituto, o cubrimento de pistas polideportivas e novos campos de fútbol seguen a potencia-la transformación das infraestructuras e servizos culturais, educativos e deportivos, en definitiva, a mover e dinamizar o Concello de Oleiros.

## As escolas melloran cada ano



O novo instituto de Oleiros

### Avanzan as obras do terceiro instituto, en Oleiros, pero o seu retraso creou malestar

O equipo de goberno continúa coa súa xa tradicional política de fomenta-la ampliación e a construción de novos colexios e outros centros educativos co fin de impulsa-la cultura e, en definitiva, mover e dinamizar o municipio de Oleiros.

En total, máis de 20 millóns de pesetas adicou a Concellería de Cultura e Ensino do Concello, con motivo do inicio do curso 1999-2000, na execución de diferentes obras para que tódolos alumnos chegaran ós seus pupitres en moi boas condicións.

Ademáis desta «posta a punto», lóxicamente máis intensa ó principio de cada andaina escolar, o Concello destina uns 40 millóns de pesetas ó longo do ano

a cubrir labores de mantemento como electricidade, pequenas obriñas, etc, ademáis de sufragalos salarios dos conserxes.

A limpeza da maleza do recinto escolar e cortado de céspede foron os principais traballos feitos nos centros de Canide e Valle Inclán, que tamén sufriron diversas obras de reparación. O mesmo aconteceu nas Escolas Infantís da Braña (Mera), Vilanova e Castaño. Tamén se instalaron mamparas de cristal na escola infantil de Mera. E no Preescolar Río da Loba (Oleiros) realizáronse varios traballos de albañilería, carpintería, fontanería, pintura e electricidade, por un valor que superou os tres millóns e medio de pesetas.

### Terceiro instituto

Quizáis o máis salientable dos últimos meses sexa o Centro de Ensinanzas Medias de O Real, que convértese no terceiro instituto, para o servizo dos alumnos do interior do municipio, e que se atopa en plena construción. Ocupa unha parcela de 11.400 m<sup>2</sup>, situada no centro urbano da capital municipal, concretamente, a Avenida de Miguel Hernández, que une Oleiros e O Carballo. Este novo centro, que se une ós outros dous de ensino medio, terá 16 unidades.

A devandita obra acumula un considerable retraso, posto que debería estar rematada para o inicio do curso 1999-2000, tal como se tiña comprometido a Consellería de Educación da Xunta de Galicia coa comunidade escolar. Este retraso nas obras provocou desconcerto e frustración na

comunidade educativa.

Todo elo causa problemas ás familias e o alumnado e repercuten negativamente na calidade do ensino. A Xunta aínda non dixo cando entrará en funcionamento este centro, debidamente equipado e dotado do profesorado correspondente.

### Parga Pondal

Tamén en construción atópase o novo edificio do Colexio Parga Pondal de Santa Cruz, que incluírá seis novas unidades para educación primaria, instalacións específicas para comedor escolar e vivenda para o conserxe, entre outras instalacións. Unha obra xa rematada foi a ampliación para novos usos das aulas do Instituto Neira Vilas, de Perillo, para o que se aproveitou unha sección dos patios do edificio.

### Xogos no Río da Loba

Pola súa banda, o Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo realizou diversos traballos no Preescolar do Río da

Loba e nos Colexios Luis Seoane de Canide e Valle Inclán, de Perillo. No Río da Loba creouse un área de xogo infantil para nenos de 1 a 6 anos e o arranxo do xardín exterior, donde se instalaron doce coníferas.

### Ademáis da posta a punto de principios de curso, o Concello destina uns 40 millóns a mantemento



Xogos no Río da Loba

Unha das máis novedosas actividades que acollerá A Fábrica é a nova Escola de Música e Danza, que ofertará unha chea de programas docentes relacionados con esas dúas actividades.

## A fábrica da música e a danza

O vetusto edificio do Centro Cultural vai enchéndose de propostas de uso. O Centro de Actividades Náuticas foi o primeiro paso, ó que seguen agora a piscina e a Escola de Música, así como o centro de Danza, que impartirán diferentes especialidades para todo o que se apunte.

Piano, acordeón, flauta, saxofón, clarinete, guitarra, canto coral e solista, violín, violoncelo e contrabaixo centran os cursos ós que calquera cidadán se pode apuntar. Un dos aspectos máis salientables da escola é que non só admite alumnos menores, senón que a súa docencia vai dirixida a tódalas idades.

Calquera idade e calquera nivel de preparación. Só conta a afición musical e as ganas que os alumnos teñan para aprender mellor. Ademais, a Escola municipal nace coa idea de orientar e preparar ós alumnos que o desexen para os estudos profesionais de quen demostre unha especial vocación e aptitude.

Entre os obxectivos que prantexa esta iniciativa, trátase de fomentar, xa desde pequenos, o coñecemento e apreciación da música, así como ofrecer un ensino instrumental tanto concebido como interpretación individual como de conxunto.

Diversificar instrumentos e desenvolver unha ampla

### Os interesados deben dirixirse canto antes á Fábrica

(Muelle do inglés, Perillo)

oferta de actividades musicais é outro obxectivo, así como, cando sexa posible, organizar actuacións públicas nas que participen os alumnos.

Pero a oferta non é só instrumental, senón tamén dirixida ás actividades vocais e incluso as dancísticas. Quérese que toda a actividade artística sexa complementaria (música, canto e danza, incluída a expresión corporal).

Organizativamente, o plantexamento é moi amplo, pero ira-se moldeando segundo se reciban as demandas de formación das persoas interesadas, que deben realizar a preinscripción dentro do mes de novembro. Unha vez que se teñan eses datos, automaticamente veremos qué cursos se poñen en funcio-



Centro Cultural A Fábrica

namento e en qué condicións.

En canto ós estudos de danza, están concebidos para diferentes idades. Haberá grupos de 4 a 6 anos, de 7 a 9, de 10 a 12 e de 13 a 17.

Formentar vocacións artísticas é un obxectivo fundamental para esta experiencia de divulgación artística concebida para a danza clásica, contemporánea, jazz e a expresión corporal.

«Susto en todas las gargantas, / pasmos en la sangre, / y en los tendones plomo.

Algodón amarillo en las gargantas, / niebla sangrienta en las ideas, / y en las manos nada»

## Kaydeda presenta o seu libro profundo

«Cantos de dolor por la España herida» é o título do volume con que José María Kaydeda revive os «Escritos de Mester de Juglaría», referencias castellanas dun home que revive a traxedia profunda da España da posguerra.

Kaydeda é un engaiolante cidadán que responde á idea do creador renacentista. Desde a súa participación en foros intelectuais e divulgativos ata a súa entrega ó

Museo dos Oleiros, donde se exhibe a obra de toda unha vida dedicada a coleccionar as mellores pezas de barro de España.

«No es un grito de guerra, es un ansia de paz»

Sorpréndenos agora co seu libro, unha colección de pequenas pezas poéticas de grande fon-

dura, dedicado «a mi amigo Angel García Seoane, porque ha sabido ser revolucionario en la paz y con la auténtica Ley de la Justicia en la mano», como escribe no prólogo da obra.

Unha obra que contén poemas escritos entre 1938 e 1974, ós que se refire así: «Mi mano empujada por el dolor de la muerte y de la sangre, guiada por los gritos de una guerra fraticida y oliéndome la vida a pólvora, en el crimen inmundado de la postguerra cruenta y vengativa». Pero ó tempo aclara: «No es un grito de guerra, es un ansia de paz, un abrazo de justicia y sobre todo un recuerdo para tantos que sin nombre y sin cementerio ya no son, para que fuéramos nosotros».



Os condenados de Burgos, Alberti, Ernesto Che Guevara, Federico, Gabriel Celaya, Picasso, Pasionaria, Miguel Hernández... son algúns nomes ós que se dedican as elexías de Kaydeda, como «Merry Christmas, España», «Condena», «De la muerte lenta».

Palabras como «gris», «sombra», «los sociales», recorren estas páxinas baixo a resistencia de cuarenta anos de posguerra que sirven para dicir «Hay botas pisando el vino de la sangre / cabezas, como racimos / en la humillación hundidas».

## Hora do Conto e as tertulias literarias, eixos da actividade nas Bibliotecas

A Pardela Cincenta, na Hora do Conto, realizará narracións para nenos e nenas menores de 10 anos no Sistema de Bibliotecas (Pazo Rialeda en Perillo, Rosalía de Castro en Santa Cruz, María José Trincado en Mera, Xograr Mendiño en Lorbé, Anxel Fole en Nos, Dorneda, Oleiros e Iñás). En todas elas a devandita actividade é as 6,15, excepto en Santa Cruz, que é as 6,30 horas. E no mes de novembro, o 3, Santa Cruz; 4, Perillo; 5, Mera; 10, Oleiros; 11, Perillo; 12, Dorneda; 16, Lorbé; 17, Santa Cruz; 18, Perillo; 19, Nos; 24, Oleiros; 25, Perillo e, no derradeiro, 26, Iñás. Trátase de que os xóvenes, dende idade moi temprana, desenvolvan o placer de ler, tanto nos casos dos non lectores, coma as que xa lles gusta ler que afiancen o gusto e o placer pola lectura.

### TERTULIAS LITERARIAS

As bibliotecas de Perillo (mércores non festivos, as 17 horas), Santa Cruz (os martes non festivos, as 17 horas) e Oleiros (venres non festivos, de 18 a 20 horas) tamén acollerán as Tertulias Literarias, nas que é necesario apuntarse para ter un exemplar de cada libro para cada lector que participe na actividade. «O palacio da lúa», de Paul Auster e «O lector», de Bernard Schlink serán algunhas das obras comentadas. Oleiros é un dos escasos concellos da provincia que impulsa a celebración de Tertulias Literarias, que cada vez rexistran unha maior afluencia de xente que desexa achegarse a un libro. Trátase de compatir ideas e de reflexionar sobre temas diversos para disfrutar da literatura, coma unha potenciación da capacidade de entender, valorar e gozar da creación literaria.

**Para máis información:** Biblioteca Central de Perillo, Pazo de Rialeda Tlf. **981 639 511** Ou na sede de cada biblioteca.

## Música e teatro, na programación cultural ata fin de ano

Máis información 981 610 000

**Teatro Buratini**, «O bosque animado». As Torres, 15 out., 7 da tarde

**Talia Teatro**, «Marsal, Marsal». As Torres, 16 outubro, 20,30 horas

**Big Band Presto Vivace**. Novo Auditorio da Fábrica, 23 out., 20,30 horas

**Teatro do Noroeste**, «Feirantes». As Torres, 30 de outubro, 20,30 horas

**Emeigual Teatro**, «Emeigual». 6 novembro.

**Áncora Produccións**, «Anatomía dun hipocondríaco». As Torres, 13 nov., 20,30.

**Carmen Rey Grupo**. Jazz. Novo Auditorio de A Fábrica, 20 novembro, 20,30 horas

**Teatro da Lúa**, «Últimamente non durmo nada». As Torres, 27 de novembro, 20,30 horas

**Orquestra de Cámara Galega**. Novo Auditorio de A Fábrica, 4 decembro, 20,30 h.

**Librescena**, «Cyrano de Bergerac». As Torres, 11 dec., 20,30 horas

**Coro de Cámara Madrigalia**. Novo Auditorio de A Fábrica. 18 de decembro, ás 20,30 horas.

## Cursos, xornadas, viaxes e obradoiros, na Casa da Xuventurde

Máis información 981 635 769

**Xornadas sobre a Compostaxe**. Novembro / Decembro.

**Xornadas Educación Ambiental nos espazos protexidos galegos**. 10/13 novembro.

**Curso de Directores de Tempo Libre**. 23 out/ 12 dec.

**Obradoiro de Sexualidade-Sida**. 8 outubro. Colabora Taina

**Obradoiro de Reciclaxe de Papel**. Outubro/decembro.

Colabora a Asociación O Corval  
**Curso Danzas do Mundo** ata o 1 de decembro, na Aula de Danza da Fábrica.

**Creación da Asoc. Intérpretes do Patrimonio**. 29 setembro

**Curso de Micoloxía**. 19 e 20 Novembro.

**Viaxe ó Parque Natural Villafafila**. Ponte de decembro



Vista de Buccino

**Unha das actividades máis salientables do pasado verán foi o Intercambio Cultural e Irmanamento Concello de Oleiros-Comune di Buccino. Unha rúa levará aquí o seu nome.**

# Intercambio Oleiros-Buccino

Buccino é unha pequena cidade medieval da rexión italiana da Campania, moi perto de Nápoles. Trátase dun interesante conxunto con moita herencia urbana medieval, un patrimonio que foi moi seriamente danado polo terremoto que afectou ó centro de Italia no ano 80.

Oleiros sonaba moi ben por alí. A emisora oficial italiana (RAI) emitira hai tempo un amplo documental sobre o noso pobo aquí, e tiñan coñecemento da nosa experiencia municipal de respecto ó medio ambiente a través da educación ambiental, a promoción dos valores

## O novo acceso á praia de Naval chamarase Via Buccino

**Mozos de Oleiros dedicanlles unha peza de teatro ós amigos italianos**

humanos e a solidariedade internacional, gracias á publicación dun libro sobre Oleiros na universidade italiana de Trieste. Gracias a eses datos, o seu concello, a Comuna di Buccino, propuxo realizar un inter-

cambio institucional, no que debían participar tamén mozos de ámbolos concellos, polo que se organizaron dúas viaxes.

Na viaxe a Italia participaron 35 rapaces e 5 responsables, dende 8 ata ó 19 de setembro. A viaxe foi en autocar ata Madrid e logo en avión ata Roma, onde xa estaba agardando un autobús e algún dos representantes da Comune di Buccino. Os rapaces estiveron acollidos en familias mentres que os seus responsables esteveon nunha residencia deportiva. Houbo unha gran festa de benvida coa actuación do grupo folklórico «I Castellani» e unha cea con produtos típicos elaborados polas familias.

Os responsables italianos acompañaron ó grupo en todo momento, tanto nas visitas como nos actos oficiais. Incluso algún dos rapaces italianos que facían o intercambio puideron acompañar ós de Oleiros nas visitas organizadas. Todos estiveron moi con-

tentos nas familias, porque eran bons anfitrións. Persoas moi acolledoras e estaban pendentes en todo momento. Incluso algúns pensan volver dentro de pouco tempo. A festa de despedida foi case como a de benvida, cunha cea e a actuación dun grupo musical. Atrás quedaban moitas lembranzas, e na retina lugares estupendos, como Nápoles, o Vesubio, a mítica cidade de Pompeia, e a fastuosa costa amalfitana de Salerno.

### Os de Buccino, aquí

Por outra banda, máis de 100 xoves italianos estiveron aquí durante 10 días. O Concello organizoulles un amplo programa con visitas culturais a diversos centros de interese, co obxectivo de que levasen unha imaxe de Galicia e seguindo sobre todo as pegadas romanas. Compostela, Lugo e A Coruña foron algúns dos destinos. O máis valorado polos italianos foron a Torre de Hércules, Catedral de Compostela e a Muralla de Lugo. No día adicado a San Andrés de Teixidó quedaron impresionados pola beleza daquelas paisaxes nórdicas, pois os acantillados lembráballes a súa costa amalfitana.

Durante a festa de despedida deste intercambio, nas Torres de Santa Cruz, o noso concello sorprendeu ós representantes buccineses cunha nova. Unha rúa de Oleiros levará o nome do concello amigo.

Esta dimensión institucional estivo tamén presente en todo momento, pois tanto a delegación italiana como a galega diron grande importancia a este tipo de experiencias que fomentan o coñecemento entre os mozos.



«Madrigal»,  
Kaydeda e  
Mañas  
semblaron  
exemplo e o  
compromiso  
do poeta

Don Pablo Neruda é todo un símbolo do Chile máis vivo, do Chile máis popular, desde país subterráneo que non deixou que a dictadura acabase con él. O poeta foi homenaxeado en Oleiros no seu 26 cabodano. Foi un acto cheo de emoción e esperanza.

## Neruda, a alma nosa

Falar de Chile durante o último ano foi —e está a ser— falar do cerco xurídico ó insurxente xeneral Pinochet, que acabou mediante un violento golpe de estado coa democracia naquel país.

Pero falar de Chile durante as últimas décadas é falar, sobre todo, dos centos de personas que espallaron polo mundo a voz dos seus cidadáns, vítimas silenciosas da dictadura.

De entre todas esas voces, a dun poeta, Pablo Neruda, emerxe como un dos cumios da brillantísima literatura latinoamericana. O Teatro Municipal da Fábrica foi testemuña dunha

sentida e emocionante lembranza no 26 cabodano do seu pasamento.

O quinteto Madrigal puxo música ós textos amorosos do poeta, e os intelectuais Alfredo Mañas e José María Kaydeda realizaron semblanzas da vida e o compromiso social do escritor. Uns e outros foron presentados por Omar Contreras, veciño de Mera nado en Chile, impulsor da homenaxe.

No acto quedou patente que por encima das fronteiras a arte é capaz de agasallar coa emoción calquera expresión solidaria e universal.



O Grupo Folclórico «Madrigal»

## Don Pablo o poeta

Por **Omar Contreras**

O 23 de Setembro cúmprense 26 anos da morte de Ricardo Eliecer Neftalí Reyes Basoalto, finou de tristura, finou de impotencia, ó ver dende o seu leito de enfermo en Isla Negra como se asesinaba e se masacraba o seu pobo, ó que lle dedicara toda a súa vida, e coa súa poesía e a súa prosa lle axudara a enaltecelo, como a súa casa de Santiago era saqueada e destruída pola xauría, que non só queimaban o seus libros senón que os seus textos foron eliminados do ensino posteriormente.

Ricardo Eliecer Neftalí, naceu na pequena cidade de Parral, dende alí a os dous anos levouno seu pai ó sur do país, a Temuco, cidade aínda en construción, nestas terras inhóspitas de xeografía salvaxe, é donde o mozo Ricardo Eliecer Neftalí pasa a súa nenez e adolescencia, vivindo os longos e chuviosos invernos da zona. Así é como se vai formando o seu temperamento nostáxico e melancólico ó descubrir e coñecer a natureza xunto ós que loitan por sobrevivir nela. Descubre o seu amor por flores que medran nos xardíns que lle están vedados polas súas orixes humildes, en ten que se conformar con miralas ó non estarlle permitido tocarlas, unha delas é a inspiradora de "Veinte Poemas de Amor".

É alí tamén onde coñece á directora do Liceo, Dona Lucila Godoy Alcayaga (Gabriela Mistral), dona de traxes longos e tacos baixos que lle presta libros e lle certifica un día que nel hai un poeta. Cando Dona Gabriela recibe o premio Nobel de Literatura en 1945, é o poeta quen sendo Senador lle rinde a homenaxe popular.

O adolescente escribe poesía agachada do seu pai, asina con distintos pseudónimos, ata que un día cae nas súas

mans unha revista cun conto asinado polo grande escritor checo Jan Neruda. A palabra Neruda sonoulle e o nome de Pablo gustáballe. É así como nace Pablo Neruda ó mundo da poesía e do compromiso social.

Ós dazaseis anos marcha a Santiago para facer os seus estudos universitarios, durante esta época participa activamente na vida cultural da capital e na política estudantil, publica "Crepusculario" en 1923 e "Veinte Poemas de Amor" en 1924.

Unha vez rematada a súa vida universitaria, nace o Neruda viaxeiro, que se ausenta do país durante cinco anos para desempeñar os cargos de Cónsul Honorario nas cidades de Rangún, Colombo, Batavia, Singapur. Estes anos de soidade e desacougo, dan por resultado a súa poesía escura ca publicación de "Residencia en la Tierra". A súa segunda viaxe é para desempeñar o mesmo cargo en Buenos Aires, Barcelona e logo Madrid.

En Madrid atópase con poetas que foron os seus amigos como Rafael Alberti, García Lorca, Miguel Hernández, Vicente Aleixandre entre outros. Nas súas actividades diplomáticas e culturais sorpréndelle o inicio da guerra civil do 36. Toma partido ata mancharse na



defensa da liberdade, da poesía, da arte, do home. Estos acontecementos a Neruda cámbianlle o mundo, e él cambiou a súa poesía, publicando "España en el Corazón".

Organiza a saída para Chile, do barco «Winnipeg» con dous mil españois que se encontraban nos campos de refuxiados do sur de Francia, sobre este feito escribe Neruda máis tarde — «Que la crítica borre toda mi poesía, si le parece.

Pero este poema, que hoy recuerdo, no podrá borrarlo nadie».

En 1945 é elixido Senador polo Partido Comunista en representación das provincias do deserto mineiro, recibindo ese mesmo ano o Premio Nacional de Literatura do seu país.

Dous anos máis tarde o Presidente chileno González Videla, que fora elixido có apoio do Partido Comunista, presionado polos Estados Unidos en plena guerra fría, pon fóra da lei a dito partido, e crea campos de concentración para os seus militantes. Parte deles volveron a ocuparse 26 anos despois pola dictadura de Pinochet. Pablo Neruda é

desaforado como senador e debe pasar á clandestinidade, poñéndose precio á súa cabeza, é así como nace "Canto General".

Despois de moitas peripecias debe abandonar o país, e o fai polo sur, a súa terra, atravesando a cordillera dos Andes, da cabaño, en procura da liberdade que as autoridades lle negaban. Está tres anos alonxado da súa patria, viaxando polos mais remotos lugares do planeta, descubriendo o seu último gran amor, Matilde Urrutia, a quen dedica "Los Versos del Capitán".

Ó regreso ó seu país publica "Odas Elementales", poesía simple sobre cousas simples.

En 1969 a política o saca novamente de Isla Negra, para ser presentado polo seu partido como precandidato á presidencia de Chile para as eleccións de 1970, na que sería elixido o seu amigo Salvador Allende o cal o nomea embaixador en Francia.

O premio Nobel de Literatura concédennlo en 1971. Chile, pequeno país do extremo sur do planeta, obtén o seu segundo premio Nobel de Literatura, para un novo poeta.

Poeta discutido, amado polos seus, odiado polas clases opresoras do novo mundo, ás que fustiga ca súa prosa e o seu verso, en defensa do amor e da xusticia.

Nas súas memorias "Confieso que he Vivido", as súas últimas palabras son unha dura acusación ó exército por traicionar ó seu país. «Los están fusilando, los están matando», repetía sumido na súa inconsciencia. Pero Pablo Neruda, non finou, vive no corazón de todos aqueles que len a súa poesía.

E por fin, despois de dazanove anos dando cumprimento á súa vontade, o 12 de decembro de 1992, Don Pablo e o seu lexitimo gran amor, Matilde, voltaron ó seu domicilio de Isla Negra.

## Programación deportiva de outono-inverno

Máis información e reservas para cursos: 981 610 000

**Tenis de mesa.**- Clases de iniciación e curso de monitor. Días 8, 9, 10 / 15, 16 e 17 de outubro

**Balónmán.**- Curso de iniciación. Días 5, 6, 7 // 12, 13 e 14 de novembro

**Rugby.**- Curso de iniciación. Días 15, 16 e 17 de novembro

**Futbito.**- V Torneo Concello de Oleiros de Categorías Inferiores

**Cicloturismo.**- Marcha ciclista polo Concello de Oleiros

### Un verán moi deportivo

Remo, windsurf, piragüismo, mergullo e natación, a cargo de monitores profesionais e coas máximas medidas de seguridade, foron os eixos da actividade deportiva municipal durante o verán. Tamén houbo futbito, ximnasia rítmica, patinaxe, baloncesto e volei-praia. Participaron un total de 550 veciños, a maioría deles mozos e mozas. Tamén houbo trofeos, como as Bandeiras de Traiñas e de Bateis, que xa van pola novena edición, e a Patinaxe de Velocidade, por quinto ano consecutivo. Outra proba que creou moita expectativa foi a triatlón, un clásico para moitos deportistas de base.

A construción do cuarto Pabillón Deportivo Municipal, no entorno do Instituto María Casares de Bastiagueiro e a cubrición de pistas polideportivas son os puntos cardinais das obras para o deporte.

## As obras máis deportivas

Comezou a construción do novo Pabellón Polideportivo de Bastiagueiro, a obra máis salientable que se acomete no concello durante os últimos anos en canto ós deportes que se xogan a cuberto. O importe é 67 millóns, e segue o costume de que as instalacións deportivas municipais formen parte dos entornos escolares.

Outra obra de envergadura, que xa se encontra en plena execución, por un importe de 27 millóns de pesetas, é a cobertura da Polideportiva da Urb. Rialta, que incluírá tamén a dotación de

novos servizos.

Está tamén en marcha a cobertura da Polideportiva de dos Regos, a primeira dunha morea de obras que se contrataron hai pouco tempo. Será dotada de teito e vestiarios para que todas as persoas podan facer deporte en condicións dignas. O importe é de 26 millóns de pesetas. O mesmo pode dicirse da cobertura da Pista Polideportiva de Iñás, cunha inversión de 27 millóns.

A remodelación das gradas do Colexio Valle Inclán e o asfaltado de parte do patio para xogos infantís é outra obra, neste caso

en Perillo, na que o Concello inviste 4,1 millóns. Outros 2,5 millóns destínanse a mellora-las gradas da Pista de Atletismo de Canide, que forma parte do complexo deportivo municipal.

Ademais, ó cerramento da Polideportiva de Lorbé dedícanse máis de dous millóns, e outro millón e medio á mellora da Polideportiva de Xoez.

Gracias a estas obras e a tódalas precedentes, Oleiros segue a bater récords en canto ó número de instalacións deportivas para os veciños.

### Prezos mensuais da Piscina da Fábrica

**Menores de tres anos:** 500 pts. / **De 4 a 18 anos:** 2.000 pts. / **De 19 a 59 anos:** 3.000 pts. / **Maiores de 60 anos:** 2.000 pts. / **Horarios:** De luns a sábado: 9 a 14 h. e 17 a 22 h. Domingos: 9 a 13 h. / **Máis información:** 981 610 000

## Emerxe a Piscina da Fábrica



A nova piscina da Fábrica está xa en funcionamento, e a outra, no alto de Perillo, en construción —o seu remate está previsto para finais deste ano—, e outra xa terminada, que é a Piscina do Centro Cultural A Fábrica.

O total de horas de apertura da Piscina do Centro Náutico de A Fábrica é de 64. A previsión mínima de ocupacións acada os 300 abonados, en tódolas franxas de

idade, dende os meses de outubro a decembro.

**Pero co tempo esta piscina estará dedicada a programación de grupos organizados (escolas, embarazadas, recéns, terceira idade), reservándose a nova para o uso dos particulares. Situada no alto de Perillo, a piscina está dotada dun completo ximnasio e instalacións complementarias como saunas e cafetería.**

## Continúa a remo-satisfacción

**Perillo pecha unha das mellores tempadas da súa historia. Campeóns de Galicia por segundo ano consecutivo e outras fazañas ás que xa nos teñen acostumbrados.**

A recién finalizada tempada 1999 de traíneiras pasará a converterse nunha das mellores na xa longa historia do Clube de Remo de Perillo, a piques xa de celebrar por todo lo alto, tal como merecese, o seu trinta aniversario. E que a súa tripulación de traíneiras, calificada polo seu entrenador, Luis Hernández, como a «millor preparada da nosa andaina» conquistou, entre outros recoñecidos trofeos, a Bandeira Xunta de Galicia (tamén coñecida como Campeonato Galego de Traíneiras, e que xa se gana por segunda vez consecutiva) e a Bandeira Conde de Fenosa (por primeira vez na historia do clube), que está considerada coma a máis antiga de Galicia.

E na regata máis importante e que pecha a tempada, a célebre Bandeira da Concha, quedaron quintos clasificados, despóis de acadar o terceiro mellor tempo da xornada, por detrás de tripulacións tan distinguidas como Orio e Koxtate. Precisamente, o venres 8 outubro terá lugar a cea e festa de peche da temporada, no local social do clube, a que están invitados todos os socios e demais simpatizantes.

**Por outra banda, o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera participou nas regatas de batéis desta localidade, nas categorías de infantís, cadetes e xuvenís, na súa procura de asentar as bases para o desenrolo da entidade.**

### Palmarés tempada 1999 / Clube de Remo de Perillo

**Segundo posto** na Bandeira Teresa Herrera (por carto ano consecutivo)

**Segundo posto** na Bandeira Concello de Oleiros (por carto ano consecutivo)

**Campeóns** na Bandeira Xunta de Galicia (por segundo ano consecutivo)

**Campeóns** na Bandeira Conde de Fenosa

**Quinto posto** na Bandeira da Concha



O Concello está a impulsar melloras nos campos de fútbol. Despois duns anos de apoio a outros deportes máis minoritarios, chega a hora de promover estouta actividade que goza de tantos seguidores. Máis alá do fútbol espectáculo, do fútbol das estrelas, dos negocios deportivos que chaman tanto a atención, aquí centrarémonos na promoción dun fútbol para todos. Porque sen base, non hai estrelas.

## Máis instalacións para o deporte de base

# A hora do fútbol

Non é difícil promocionar o fútbol neste país. É un deporte que sempre esmaga ós demais, pero eso non quere dicir que non lle debamos prestar a atención que merece. En Oleiros, ademais, contamos con equipos de grande raigame, e que forman parte da nosa historia afectiva. Os nove clubs do municipio impulsan constantes actividades de base, e manteñen unha vida social intensa.

Ademais, de non haber nada hai vinte anos, hoxe Oleiros conta con unha das máis completas redes de infraestrutura deportiva de Galicia. Esas instalacións fóronse conseguindo

gracias ós espazos públicos ganados pola política urbanística, ós que se suma unha ampla programación de actividades que abranguen moitas especialidades e maneiras de manernos en forma atendendo ós principios dunha vida sana. O Concello de Oleiros tamén impulsa os obxectivos de conseguir unha mellora integral dos campos de fútbol situados no municipio.

A Fundación Municipal de Cultura colabora coa Asociación de Clubs de Fútbol,

cooperando cos equipos, tanto axudándoles a manter a súa infraestrutura, como con axudas para o mantemento dos campos, xa sexan éstos municipais ou dos propios equipos.

**Campo do Condús** A inversión máis importante en este apartado é a

remodelación completa do Campo do Condús (en Oleiros, no que xoga o CD Obrero). A devandita actuación é unha das máis relevantes en materia deportiva durante os últimos anos, segundo informa a Concellería de Obras Públicas, que fala dun "proyecto moi ambicioso, xa que se construírán unhas instalacións totalmente novas".

A obra acada una inversión de 25 millóns de pesetas, destinadas a construción de novas gradas, vestiarios, nivelación do terreo de xogo, mellora da drenaxe e outros servizos. En definitiva, trátase de remodelar totalmente o campo de xogo dun dos clubs históricos non só de Oleiros, sino tamén da provincia da Coruña, despois de que o Concello asumiu a propiedade das súas instalacións deportivas mediante a sinatura do correspondente convenio.

**Campo de Montrove** O valor das obras de mellora no campo de Montrove (donde xoga o Unión Campestre) chega aos 22 millóns de pesetas, dos que 18 corresponden ós novos vestiarios e ambigú, e os outros catro restantes ás novas gradas. Precisamente, o citado clube disporá



Campo de fútbol de Montrove

próximamente do seu novo campo de adestramento, xa que as obras, por un importe de millón e medio de pesetas, atópanse nestes intreos en plena execución.

**Campo de Mera** Nesta localidade estanse instalando vestiarios e un ambigú, que acadarán os 5 millóns de pesetas.

**Campo do Hércules** Outros cinco millóns de pesetas dedícanse a modernizar os vestiarios do Hércules SDC, situado no Seixal (Nos).

**No resto dos campos** tamén haberá reformas nos próximos meses. Trátase das instalacións dos clubs do concello (**Atlético San Pedro**, de Vilanova-Nós; **CF Santa Cruz**; **Dorneda CF**; **Mercurio** de Iñás, en Iñás, e **CF Perillo**).

**Os torneos e campionatos.** Hai que ter en conta que o de Oleiros é o segundo trofeo de fútbol máis antigo de Galicia, despois, lóxicamente, do Teresa Herrera. Durante 1999 cumpriu os seus 30 anos, e nel participan todos os equipos do Concello. Este campionato municipal supón para os equipos participantes unha aportación de medio millón de pesetas en material deportivo, que usarán tamén o longo do ano. Ademais, reciben unha axuda anual para sufragar os gastos que supoñen as arbitaxes, federación, etcétera.

Ademais, a Fundación de Cultura organiza anualmente o Campionato Municipal de **Fútbol-Sala**, que xa vai pola novena edición, e o Torneo de **Futbito**, que xa acadou a súa terceira edición.

## Os equipos de fútbol forman parte da nosa historia afectiva



### Surf en Bastiagueiro

Os cada vez máis afeccionados ós chamados deportes de deslizamento —fundamentalmente surf e bodyboard— contan cun novo local en Bastiagueiro. O espazo emerge a partir dun antigo bar e novos locais previstos nas obras de urbanización da praia. Configúrase como un verdadeiro punto de encontro para que estes xoves compartan inxenuidades comúns.

## Novos proxectos do Marino

Tamén convén recordar que, despois da habilitación da Casa Labarta como escola infantil, a vella e querida Escola de Cívicos será donada próximamente como sede do equipo de fútbol do **Marino de Mera**. Polo momento, dende a Rúa do Xabrón (en Serantes), encara os tres cuartos de século con novos proxectos. Foi en 1924 cando naceu o Sporting de Mera, que tres anos despois pasaría a chamarse como na actualidade. Dende o pasado mes de outubro Fernando García preside a súa Xunta Directiva, composta por 14 persoas máis, entre elas dúas mulleres.

A Xunta Directiva está satisfeita polo ritmo das obras de construción de novos vestiarios, ambigú, almacén para depositar o material deportivo e cierre perimetral

do campo de fútbol do Xabrón, impulsada polo Concello de Oleiros, cunha inversión de cinco millóns de pesetas. Fernando García recorda que as instalacións anteriores «estaban moi deterioradas, cando os rapaces necesitan un sitio digno para xogar ó fútbol».

Fernando García ve con optimismo o futuro e espera «manter ó equipo en Segunda Rexional e facer xurdir un clube con porvir e xente da zona». Na actualidade o Marino de Mera ten 80 xogadores nas categorías de benxamín, alevín, infantil, xuvenil e modestos. O presidente agradece o inestimable apoio do Concello e dos xogadores e colaboradores do clube, así como o da afición, «a mellor das Mariñas».

Ninguén quere que desaparezan  
aceras, árbores e parterres

## Maianca insiste no Paseo de Mera

En Maianca están preocupados pola futura configuración da franxa litoral de Mera, ante a ameaza de desaparición dos parterres axardinados e as beirarrúas que foron nacendo nos últimos anos gracias ás disposicións urbanísticas.

A Asociación de Veciños San Cosme expresa o seu descontento e indignación polo continuo rechazo do proxecto municipal para construír o paseo marítimo de Mera.

Consideran que é unha débeda histórica á que hai que dar

unha solución xa. Trátase dunha infraestrutura de actualización viaria moi necesaria para a seguridade de peatóns e automobilistas, que non foi modificada desde hai sesenta anos.

As recentes actuacións urbanísticas á beira da praia fixeron posible por primeira vez un espazo para o desenvolvemento a pé dos cidadáns. Costas deberá, co novo paseo marítimo, «respetar os novos asentamentos que dispoñen ó seu redor de puntos de encontro para os merachos».

## Depuradora e inundacións, temas quentes en Mera

Que supriman por fin a depuradora é un desexo constante en Mera. Na Asociación San Cosme saben que depende da Xunta, e reclaman a este organismo que libere por fin o 70% do custe da estación de bombeo, para que o Concello poida investir o 30% restante.

Tamén piden unha solución definitiva ás inundacións do parque da Lagoa. «Sabemos que a ampliación do túnel ou a mellora do sistema de esclusas, ou mesmo a construción dunha barreira que frene a entrada de area no río dependen da Xunta e Costas». Urxen ó goberno municipal que insista nestas demandas.

## Iñás quere incorporarse á N-VI

Xa que teñen que sufrir o paso dunha imorante vía pública por diante das súas casas, os veciños de Iñás queren ter a posibilidade de incorporarse en ámbolos sentidos á N-VI, xa que desde que se pintou a vía, non poden. É unha das reclamacións que a Asociación de Veciños elevou ós responsables.

## Perillo pide melloras en Che Guevara

¿Por qué anuláron o paso de peatóns do Hostal Brial?. A Asociación «A Ría» considera que era moi necesario. Tamén piden que se revisen os pasos peatonais na zona da rotonda (frente a Caixa Galicia) e na entrada á Avda. de Sta. Cristina.

Votan en falta tamén contenedores de vidro e papel na zona da rotonda, así como bancos, papeleras e cabinas de teléfonos. Solicitan ós automobilistas que non superen os preceptivos 50 km/h, e que se estudie se as beirarrúas poden ser máis baixas, para facilitar a circulación de coches de minusválidos ou carriños de bebés.



## Campionato de tenis en Canabal

O catalán Carlos Bravo ganou o II Trofeo aberto do Clube de Ténis Maianca, que tivo lugar en Canabal. De segundo quedou o lugués ex-campión de Galicia Miguel Veiga, e como semifinalistas dous oleirenses: Santiago Casal (CT Maianca) e Ronald Álvarez, do CT Seixo Branco. Os catro aparecen na fotografía.

## Xoecer interésase polo futuro centro comercial de Dorneda

O futuro centro comercial é o asunto sobre o que os veciños de Rialta concentran maiores expectativas. Saben que Fadesa está a piques de pechar un acordo cunha importante cadena de distribución para a instalación alí dun centro con supermercado e algún comercio máis, entre os que agardan que se atope a nova farmacia.

Este centro, que daría servizo a toda a parroquia de Dorneda, estaría situado á entrada da urbanización Rialta, á esquerda da estación do gas. Todo indica que neste ano que entra, os veciños desta importante zona contén con este equipamento que mellorará a súa comodidade diaria.

Tamén están expectantes ante o remate das obras de cubrición da Polideportiva, que será dotada ademais polo Concello de vestiarios, duchas

e almacén, así como as pistas para fútbol sala, ténis, baloncesto, etc. A Asociación Xoecer colaborará co servizo de Deportes do Concello para regular o seu uso, que reservarán unha franxa horaria para clubs e entidades organizadas, deixando o resto do día para actividade espontánea.

Así mesmo, esta Asociación de Veciños está a facer xestións entre a inmobiliaria promotora da urbanización e o Concello para dotar ó lugar dun local social no que reunirse e desenvolver o intenso programa de actividades dos veciños.

Reclaman tamén outros asuntos de menor importancia, como que a fonte da praza Nicolás Redondo volva a ter auga, que a Xunta remate dunha vez o pintado das estradas que conflúen alí.

### Chamadas de atención ós veciños

Xoecer utiliza un tono de autocrítica para reclamar a atención dos veciños de Rialta en dous asuntos que redundarán en beneficio de todos: ós condutores que, por non dar a volta á praza poñen en risco a seguridade de peatóns e outros condutores (especialmente os residentes na rúa Peneireiro).

Tamén reclaman un comportamento cívico ós pais que deixan desperdicios no parque onde xogan os rapaces, especialmente restos de pipas e colillas. Lembran igualmente que no parque non pode haber cans soltos, e recomendan ós seus propietarios que vaian con eles ós montes próximos.

## «A Ría» viaxou a Vilar de Santos



A Asociación e o grupo folclórico «Airiños da ría» viaxaron en setembro á Limia. Sobre todo pararon en Vilar de Santos, un lugar no que a presenza humana se remonta á época prerromana. Visitaron lugares como a igrexa románica de Santa María, e o Museo Etnográfico da Limia. Interesante coñecer este país.

## ...A quen corresponda

Por **Paco Rei**, da A.VV. Rialta-Xoecer

Unha vez máis os oleirenses tivemos a fermosa oportunidade de escoller á xente que queremos que dirixa o noso concello durante o próximo cuatrienio.

Como participante no movemento veciñal non podo disimular a miña satisfacción polos resultados dos comicios municipais do pasado mes de xuño, pois de novo o pobo de Oleiros expresou maioritariamente nas urnas o desexo de que sexa unha formación política que xurdiu precisamente do movemento veciñal hai xa décadas, a que sega ó frente do goberno municipal. Por algo será.

Pero a democracia non remata nas urnas. E na hora dos pactos é cando se poñen de manifesto os verdadeiros talentos democráticos ou antidemocráticos. Primeiro, na aceptación correcta da derrota e da capacidade de tender a man que deben ter os vencedores cara ós vencidos para traballar xuntos e mellor polo

pobo que os escolleu, e despois acadando acordos que, por encima de intereses partidistas, busquen o mellor para o Concello.

Os que gobernan teñen agora a obriga de gobernar para todos, para os seus votantes, para os que votaron ó adversario, e para os que decidiron sinxelamente non votar. A oposición ten que traballar non para amolar ós que gobernan, senón para contribuir eficazmente a unha xestión municipal ó servizo dos cidadáns máis exitosa e limpa.

En Oleiros compre amainar as tensións que durante o período electoral especialmente, se poñen de manifesto. Os políticos teñen a obriga de dar exemplo, un bó exemplo de tolerancia e respecto, cando menos para trasladar este tipo de convivencia óptimo a tódolos veciños de Oleiros.

É un feito probado en innumerables ocasións que unha sociedade tolerante e respetuosa desenrólase máis eficazmente que a que se empeceña nos enfrontamentos entre forzas políticas distintas.



Os actuais propietarios queren convertila nunha residencia da terceira idade

# O engado modernista da Casa do Vilar



Revitalízase un engaiolante edificio de principios de século «escondido» no cumio de Nos



Anos vinte en Nos. Aroma de Belle Époque nas balaustadas do Vilar.

Por non estar situada perto dunha estrada principal, a Casa do Vilar é máis ben descoñecida. Algúns diferencian os seus tellados de lousa desde a NVI, no cumio da fondosa arribada de Nos, pero a súa integración na paisaxe é tal que semella un lagarto reverdecido polo darredor. Diante súa, como portadoras de arras, están as casiñas da praciña do Vilar, que poñen cara urbana a un cruce de camiños. Coas súas parras diante acochándolle-los ollos, constrúen un escenario urbano de engado misterioso.

Se tedes fillos pequenos e queredes que contemplan o entorno ideal para un conto de fadas, ide pasear ó Vilar e convencédeos de que por aquí andivo Brancaneve hai cen anos. Animádeos a que busquen o zapatiño. Naceu esta casa de cemento en 1902. Deslúmbranos hoxe como unha pegada decadente, herdeira daquel modernismo de principios de século. Non resulta fachendosa pero sí elegante, tranquila na súa altiveza natural, co peito ensalzado polas súas dúas coroas desiguais.

Unha pequena escalinata, tellados de pizarra e cinz, bufardas que son oráculos, debuxos de cemento e madeira, cristais cincelados coas iniciais dos propietarios... e sobre todo un xardín garimoso que polo momento agasalla ó visitante coa súa propia decadencia: leva anos dormi-

do, pero nel aínda se escoitan os marmurios das tertulias e o tristrás dos xardiñeiros.

A casa do Vilar nace cando a familia Bugallal Marchesi decide construír a súa residencia de campo en Nos, un lugar que estaba de moda antes de que as praias fixeran máis engaiolante a beira do mar. Naqueles anos aínda o camiño real non decorría pola Pasaxe —que se construíu en 1910—, e o natural desde a cidade era tomar a Ponte do Burgo. Nos acollía moitas vilas de verán como As Cadeas, Mesón da Auga ou o propio Pazo da Carballeira, máis antigo e onde viviron parte dos seus amores Xoana de Vega e o xeneral Espoz y Mina.

Anque todos lle alcuman a Casa do Vilar, a mansión está bautizada como "Villa Isabel", seguindo o costume da época de

homenaxear ás donas da casa co nome da facenda. Un Y e un B entrelazados a xeito de símbolo adornan os vidros do recibidor. Os Marchesi son unha familia moi coñecida na Coruña, que forman parte das moreas de cataláns que se estableceron en diferentes lugares de Galicia durante o século XVIII, e impulsaron a industrialización, sobre todo do sector conserveiro, pero tamén das finanzas e o comercio.

José Luis Bugallal (1899-1989), que viviu parte da nenez nesta mansión, foi un loubado xornalista que traballou practicamente durante todo este século na Coruña.

O arquitecto inspirouse na moda ecléctica do momento, e exprime da mellor forma que pode as posibilidades plásticas dun novo material: o cemento. É máis moldeable ca o granito e

por tanto dá lugar a unha decoración máis feiteiceiras, máis divertida, con fachadas espectacular a xeito de grandes tartas de merengue.

Despois da guerra civil, os Bugallal-Marchesi venden a finca á familia Tenreiro, unha saga de arquitectos destacados da cidade. O abó do actual herdeiro é autor dunha das obras máis trascendentes da arquitectura coruñesa: o Banco Pastor, nos Cantóns. O seu fillo, tamén arquitecto nos anos 50, construíu varios edificios de sabor racionalista e tamén un anexo de Villa Isabel que, ó gusto de hoxe aparece como pouco afortunado, se ben segue tódolos rigores da moda dos anos 60: liñas rectas, ausencia de decoración, grandes xanelas... ben pouco que ver co aire novecentista do edificio primixenio.



despois do **telexornal**

Lembra que o lixo debes de sacalo ó contenedor despois das 9 da noite e antes das 12 (Excepto sábados e vésperas de festivos)